ataudidores

Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.U.

Informe de auditoría, Contas Anuais e Informe de Xestión do exercicio 2022

Paseo de Ronda, 26 – 1º
15011 – A Coruña
T: 981 145 333

Calle Príncipe, 53 – 3ª
36202 – Vigo
T: 986 119 454

e-mail: at@atconsultores.com
www.atconsultores.com

AT CONSULTORES & AUDITORES, S.L.
CIF: B15203714
Reg. Merc. La Coruña, Hoja 3.645, Folio 104, Tomo 670, Libro 215, Sec. 2ª Sociedades

ataudítores

Informe de auditoría de contas anuais emitido por un auditor independente

Á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia,
(Accionista Único da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.):

Opinión

Auditamos as contas anuais de Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.U. (a Sociedade), que comprenden o balance ao 31 de decembro de 2022, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria correspondentes ao exercicio terminado na devandita data.

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Sociedade ao 31 de decembro de 2022, así como dos seus resultados e fluxos de efectivo correspondentes ao exercicio terminado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación (que se identifica na nota 2.a da memoria) e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

Paseo de Ronda, 26 – 1º
15011 – A Coruña
T: 981 145 333

Calle Principe, 53, 3º
36202 – Vigo
T: 986 119 454

e-mail: at@atconsultores.com
www.atconsultores.com

Fundamento da opinión

Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España. As nosas responsabilidades de acordo con ditas normas descríbense máis adiante na *sección Responsabilidade do auditor en relación coa auditoría das contas anuais* do noso informe.

Somos independentes da Sociedade de conformidade cos requirimentos de ética, incluídos os de independencia, que son aplicables á nosa auditoría das contas anuais en España segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas. Neste sentido, non prestamos servizos distintos aos da auditoría de contas nin concorreron situacións ou circunstancias que, de acordo co establecido na citada normativa reguladora, afectasen á necesaria independencia de modo que se viu comprometida.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión.

Aspectos máis relevantes da auditoría

Os aspectos máis relevantes da auditoría son aqueles que, segundo o noso xuízo profesional, foron considerados como os riscos de incorrección material máis significativos na nosa auditoría das contas anuais do período actual. Estes riscos foron tratados no contexto da nosa auditoría das contas anuais no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre estes, e non expresamos unha opinión por separado sobre eses riscos.

Provisións por litixios e demandas

Descrición	*Procedementos aplicados na auditoría*
Tal e como se describe na nota 14 da memoria adxunta, a Sociedade atópase inmersa en diferentes litixios cos traballadores, para os que dotou unha provisión de 1.064.686 euros. O criterio para o cálculo de ditas provisións realízase tendo en conta o escenario mais probable no futuro. Dada a representatividade dos importes involucrados, o volume significativo de demandas recibidas e a complexidade dos cálculos a realizar pola Dirección, consideramos esta provisión coma un risco significativo para a nosa auditoría.	Os nosos procedementos de auditoría incluíron entre outros, o coñecemento do procedemento seguido pola Sociedade para a dotación das provisións, a revisión dos cálculos realizados pola Dirección, e a obtención da confirmación dos asesores legais da Sociedade. Así mesmo, avaliamos que as desagregacións da información incluída na nota 14 da memoria das contas anuais adxuntas, en relación con este aspecto resultan adecuados aos requiridos polo marco normativo de información financeira aplicable.

Outra información: Informe de Xestión

A outra información inclúe exclusivamente o informe de xestión de 2022, cuxa formulación é responsabilidade dos administradores e non forma parte integrante das contas anuais.

A nosa opinión de auditoría sobre as contas anuais non cobre o informe de xestión. A nosa responsabilidade sobre o informe de xestión, de conformidade co esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas, consiste en avaliar e informar sobre a concordancia do informe de xestión coas contas anuais, a partir do coñecemento da entidade obtido na realización da auditoría das citadas contas, así como avaliar e informar de se o contido e presentación do informe de xestión son conformes á normativa que resulta de aplicación. Se, baseándonos no traballo que realizamos, concluímos que existen incorrecções materiais, estamos obrigados a informar diso.

En base ao traballo realizado, tal e como se describe no parágrafo anterior, a información contida no informe de xestión concorda coa das contas anuais do ano 2022 e o seu contido e presentación axústanse á normativa aplicable

Responsabilidade dos administradores en relación coas contas anuais

Os administradores son responsables de formular as contas anuais adxuntas, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Sociedade, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación das contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Na preparación das contas anuais, os administradores son responsables da valoración da capacidade da Sociedade para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo corresponda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento agás se os administradores teñen intención de liquidar a Sociedade ou de cesar as súas operacións, ou ben non exista outra alternativa realista.

Responsabilidades do auditor en relación cas contas anuais

Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razoable de que as contas anuais no seu conxunto están libres de incorrección material, debida a fraude ou erro, e emitir un informe de auditoría que contén a nosa opinión.

Seguridade razoable é un alto grao de seguridade pero non garante que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría vixente en España sempre detecte unha incorrección material cando existe. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e considéranse materiais se, individualmente ou de forma agregada, pode preverse razoablemente que inflúan nas decisións económicas que os usuarios toman baseándose nas contas anuais.

No Anexo I deste informe de auditoría inclúese unha descrición máis detallada das nosas responsabilidades en relación coa auditoría das contas anuais. Esta descrición que se atopa nas páxinas 4 e 5 seguintes é parte integrante do noso informe de auditoría.

AT Consultores & Auditores, S.L.
Inscrita en el R.O.A.C. nº SO739

Jorge Álvarez Grela
Inscrito en el R.O.A.C. nº 21838

A Coruña, 3 de abril de 2023

Anexo I do noso Informe de auditoría

Adicionalmente ao incluído no noso informe de auditoría, neste Anexo incluímos as nosas responsabilidades respecto a auditoría das contas anuais.

Responsabilidades do auditor en relación coas contas anuais

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas en España, aplicamos o noso xuízo profesional e mantemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda a auditoría. Tamén:

- Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro, deseñamos e aplicamos procedementos de auditoría para responder aos devanditos riscos e obtemos evidencia de auditoría suficiente e adecuada para proporcionar unha base para a nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida a fraude é máis elevado que no caso dunha incorrección material debida a erro, xa que a fraude pode implicar colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erróneas, ou a elusión do control interno.
- Obtemos coñecemento do control interno relevante para a auditoría co fin de deseñar procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da Sociedade.
- Avaliamos se as políticas contables aplicadas son adecuadas e a razonabilidade das estimacións contables e a correspondente información revelada polos administradores da Sociedade.
- Concluímos sobre se é adecuada a utilización, polos administradores da Sociedade, do principio contable de empresa en funcionamento e baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluímos sobre se existe ou non unha incerteza material relacionada con feitos ou con condicións que poden xerar dúbidas significativas sobre a capacidade da Sociedade para continuar como empresa en funcionamento. Se concluímos que existe unha incerteza material, requírese que chamemos a atención no noso informe de auditoría sobre a correspondente información revelada nas contas anuais ou, se ditas revelacións non son adecuadas, que expresemos unha opinión modificada. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría. Con todo, os feitos ou condicións futuros poden ser a causa de que a Sociedade deixe de ser unha empresa en funcionamento.
- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das contas anuais, incluída a información revelada, e se as contas anuais representan as transaccións e feitos subxacentes dun modo que logran expresar a imaxe fiel.

Comunicámonos cos administradores da Sociedade en relación con, entre outras cuestións, o alcance e o momento de realización da auditoría planificados e os achados significativos da auditoría, así como calquera deficiencia significativa do control interno que identificamos no transcurso da auditoría.

Entre os riscos significativos que foron obxecto de comunicación aos administradores da Sociedade, determinamos os que foron da maior significatividade na auditoría das contas anuais do período actual e que son, en consecuencia, os riscos considerados máis significativos.

Describimos eses riscos no noso informe de auditoría salvo que as disposicións legais ou regulamentarias prohiban revelar publicamente a cuestión.

Contas Anuais 2022

EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A.U.

Índice

- Contas Anuais 2022

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

SERVIZO AGRARIO GALEGO

- **Datos xerais de identificación**
- **Balance de Situación**
- **Conta de Perdas e Ganancias**
- **Estado de Cambios no Patrimonio Neto**
- **Estado de Fluxos de Efectivo**
- **Modelo de documentos normal de información medioambiental**
- **Modelo de documentos de información sobre accións ou participacións propias.**
- **Memoria do Exercicio**

1. Natureza e actividades principais.
2. Bases de presentación.
3. Distribución de resultados.
4. Normas de rexistro e valoración.
5. Inmobilizado material.
6. Inversións inmobiliarias.
7. Inmobilizado intanxible.
8. Arrendamentos e outras operacións de natureza similar.
9. Instrumentos financeiros.
10. Existencias.
11. Moeda estranxeira.
12. Situación fiscal.
13. Ingresos e gastos.
14. Provisións e continxencias.
15. Información sobre medio ambiente.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

16. Retribucións a longo prazo ao persoal.
17. Transaccións con pagos baseados en instrumentos de patrimonio.
18. Subvencións, doazóns e legados.
19. Combinacións de negocios.
20. Negocios conxuntos.
21. Activos non correntes mantidos para a venda e operacións interrompidas.
22. Feitos posteriores ao peche.
23. Operacións con empresas do grupo.
24. Outra información.
25. Información segmentada.
26. Información da Lei 15/2010 de medidas contra a morosidade

- **Informe de xestión do exercicio 2022**

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

SERVIZO
AGRARIO
GALEGO

BALANCE DE SITUACIÓN

A 31.12.2022

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A.U.

BALANCE O PECHE DO EXERCICIO 2022

ACTIVO	Nota	Exercicio 2022	Exercicio 2021	PATRIMONIO NETO E PASIVO	Nota	Exercicio 2022	Exercicio 2021
ACTIVO NON CORRENTE				**PATRIMONIO NETO**			
Inmobilizado intanxible	**7**	**23.149**	**15.857**	**Fondos propios**		**5.260.299**	**5.272.618**
Aplicacións informáticas		23.149	15.857	Capital	**9**	1.000.000	1.000.000
Inmobilizado material	**5**	**156.714**	**193.692**	*Capital escriturado*		*1.000.000*	*1.000.000*
Instalacions técnicas, e outro inmobilizado material		156.714	193.692	Reservas		3.809.132	3.309.132
Inversions financeiras a longo prazo	**9**	**321.946**	**209.492**	*Legal e estatutarias*		*3.309.132*	*3.309.132*
Outros activos financeiros		321.946	209.492	*Outras reservas*		*500.000*	----
Activos por imposto diferido	**12**	**1.302**	**1.953**	Resultados de exercicios anteriores		93.125	93.125
Total Activo Non Corrente		**503.111**	**420.994**	*Remanente*		*93.125*	*93.125*
				Resultado do exercicio	**3**	358.042	870.361
				Total Patrimonio Neto		**5.260.299**	**5.272.618**
ACTIVO CORRENTE				**PASIVO NON CORRENTE**			
Debedores comerciais e outras contas a cobrar		**5.733.884**	**8.602.728**	**Provisions a longo prazo**		**1.064.686**	**1.115.909**
Clientes por ventas e prestacións de servizos	**9**	137.575	49.020	Outras provisions	**14**	1.064.686	1.115.909
Clientes, empresas do grupo e asociadas	**9 e 23**	5.596.352	8.553.709	**Total Pasivo Non Corrente**		**1.064.686**	**1.115.909**
Outros créditos coas Administracions Públicas	**12**	-43	----				
Periodificacions a curto prazo		**17.088**	**16.127**	**PASIVO CORRENTE**			
Efectivo e outros activos líquidos equivalentes		**4.934.306**	**2.280.284**	**Débedas a curto prazo**		**372.427**	**13.622**
Tesourería	**9**	4.934.306	2.280.284	Outros pasivos financeiros	**9**	372.427	13.622
Total Activo Corrente		**10.685.277**	**10.899.139**	**Acredores comerciais e outras contas a pagar**		**4.490.975**	**4.917.984**
				Provedores	**9**	181.722	173.377
				Acredores varios	**9**	3.947.800	3.949.687
				Persoal (remuneracions pendentes de pago)	**9**	2.358	1.472
				Pasivos por imposto corrente	**12**	119.238	291.167
				Outras débedas coas Administracions Públicas	**12**	239.857	325.140
				Anticipos de clientes		----	177.140
				Total Pasivo Corrente		**4.863.403**	**4.931.606**
TOTAL ACTIVO		**11.188.388**	**11.320.133**	**TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO**		**11.188.388**	**11.320.133**

As Notas 1 a 26 da memoria adxunta forman parte integrante do Balance de situación

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

SERVIZO
AGRARIO
GALEGO

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

A 31.12.2022

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A.U.

CONTA DE PERDAS E GANACIAS CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO REMATADO O 31/12/2022

	Nota	Debe/(Haber)	
		Exercicio 2022	Exercicio 2021
OPERACIONS CONTINUADAS			
Importe neto da cifra de negocios	**25**	**25.065.614**	**27.045.466**
Ventas		257.767	46.909
Prestacions de servizos	**23**	24.807.847	26.998.557
Aprovisionamentos	**13**	**-14.076.983**	**-13.744.792**
Consumo de materias primas e outras materias consumibles		-1.057.223	-2.735.998
Traballos realizados por outras empresas		-13.019.760	-11.008.795
Gastos de persoal	**13**	**-6.720.839**	**-9.072.648**
Soldos, salarios e asimilados		-5.082.264	-7.068.116
Cargas sociais		-1.638.574	-2.004.531
Outros gastos de explotación	**13**	**-3.771.500**	**-4.053.494**
Servizos exteriores		-3.631.272	-3.965.298
Tributos		-78.036	-84.880
Otros gastos de gestión corriente		-62.193	-3.316
Amortización do inmobilizado	**5 y 7**	**-72.618**	**-60.974**
Excesos de provisions	**9 e 14**	**51.223**	**1.046.667**
Outros resultados excepcionais		**3.034**	**1.953**
RESULTADO DE EXPLOTACIÓN		**477.931**	**1.162.178**
RESULTADO FINANCEIRO		**----**	**----**
RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS		**477.931**	**1.162.178**
Impostos sobre beneficios	**12**	**-119.889**	**-291.818**
RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIONS CONTINUADAS		**358.042**	**870.361**
RESULTADO DO EXERCICIO	**3**	**358.042**	**870.361**

As Notas 1 a 26 da memoria adxunta forman parte integrante da Conta de Pérdas e Ganancias

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

SERVIZO
AGRARIO
GALEGO

ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO

A 31.12.2022

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A.U

A) ESTADO DE INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS

	Nota	2022	2021
Resultado da conta de pérdas e ganancias		**358.042**	**870.361**
TOTAL DE INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS		**358.042**	**870.361**

B) ESTADO TOTAL DE CAMBIO NO PATRIMONIO NETO

	Capital Escriturado	Reservas	Remanente	Resultado do exercicio	TOTAL
SALDO, FINAL DO ANO 2020	**1.000.000**	**3.309.132**	**93.125**	**113.587**	**4.515.845**
SALDO AXUSTADO, INICIO DO ANO 2021	**1.000.000**	**3.309.132**	**93.125**	**113.587**	**4.515.845**
Total ingresos e gastos reconecidos				870.361	870.361
Outras variacións do patrimonio neto.				-113.587	-113.587
SALDO, FINAL DEL AÑO 2021	**1.000.000**	**3.309.132**	**93.125**	**870.361**	**5.272.618**
SALDO AXUSTADO, INICIO DO ANO 2022	**1.000.000**	**3.309.132**	**93.125**	**870.361**	**5.272.618**
Total ingresos e gastos reconecidos				358.042	358.042
Outras variacións do patrimonio neto.		500.000		-870.361	-370.361
SALDO, FINAL DO ANO 2022	**1.000.000**	**3.809.132**	**93.125**	**358.042**	**5.260.299**

As Notas 1 a 26 da memoria adxunta forman parte integrante do Estado de Cambios no Patrimonio Neto.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

SERVIZO
AGRARIO
GALEGO

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO

A 31.12.2022

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A.U

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO

	Notas	Exercicio 2022	Exercicio 2021
FLUJOS DE EFECTIVO DE LAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN		**2.820.963**	**-2.025.302**
Resultado del ejercicio antes de impuestos.		477.931	1.162.178
Ajustes del resultado.			
Amortización del inmovilizado	**5 e 7**	72.618	60.974
Variación de provisiones	**14**	-51.223	12.508
Cambios en el capital corriente.			
Deudores y otras cuentas a cobrar		2.691.661	-3.375.461
Otros activos corrientes		-918	-9.946
Acreedores y otras cuentas a pagar		6.458	67.978
Otros pasivos corrientes		-84.397	96.645
Otros flujos de efectivo de las actividades de explotación.			
Pagos (cobros) por impuesto sobre beneficios		-291.167	-40.177
FLUJOS DE EFECTIVO DE LAS ACTIVIDADES DE INVERSIÓN		**-166.941**	**-8.730**
Pagos por inversiones			
Inmovilizado Intangible	**7**	-17.636	-18.283
Inmovilizado material	**5**	-36.851	-74.885
Otros activos financieros		-314.208	-114.419
Cobros por desinversiones			
Otros activos financieros.		201.754	198.857
FLUJOS DE EFECTIVO DE LAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN		**----**	**-220.613**
Pagos por dividendos y remuneraciones de otros instrumentos de patrimonio.			
Dividendos	**9**	----	-220.613
AUMENTO/DISMIN. NETA DEL EFECTIVO. O EQUIVALENTE		**2.654.022**	**-2.254.645**
Efectivo y equivalentes al comienzo del ejercicio.		2.280.284	4.534.929
Efectivo y equivalentes al final del ejercicio.	**3**	4.934.306	2.280.284

As Notas 1 a 26 da memoria adxunta forman parte integrante do Estado de Fluxos de Efectivo

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

SERVIZO
AGRARIO
GALEGO

MEMORIA DE CONTAS ANUAIS

A 31.12.2022

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

SERVIZO AGRARIO GALEGO

EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A.U.
MEMORIA NORMAL DE CONTAS ANUAIS A 31 DE DECEMBRO DE 2022

1. NATUREZA E ACTIVIDADES PRINCIPAIS.

A Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. Unipersoal (en diante SEAGA, S.A) constitúese como sociedade pública autonómica en Santiago de Compostela (A Coruña) o 2 de febreiro de 2007, por un período de tempo indefinido. O domicilio social fíxase no Edificio Administrativo San Lázaro S/N en Santiago de Compostela.

SEAGA é medio propio personificado da Xunta de Galicia, xa que cumpre cos requisitos esixidos polo artigo 32 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público:

- Máis do 80% das actividades de Seaga lévanse a cabo no exercicio dos cometidos que lle son confiados pola Xunta de Galicia ou entidades controladas por ela.
- A totalidade do seu capital é de titularidade da Xunta de Galicia.
- A Xunta de Galicia exerce sobre a sociedade un control, directo ou indirecto, semellante ao que pode exercer sobre os seus propios servizos ou unidades.
- Nos estatutos da sociedade se indica que a sociedade terá a consideración de medio propio e instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico.

A sociedade está inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña no tomo 3172 do arquivo, Folla C-40654.

A sociedade réxese polo Real Decreto Lexislativo 1/2010 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital, polos estatutos, pola lei 16/2010 de 17 de decembro, pola lexislación de contratos do sector público e polas disposicións legais que en cada momento lle sexan aplicables.

En escritura de elevación a público Núm. 1984 de data 27 de novembro de 2009 procédese ó cambio de domicilio fiscal e social da sociedade, quedando fixado na Vía Marconi, Nº 14 do Polígono Industrial do Tambre en Santiago de Compostela.

Así mesmo, en escritura de elevación a público Núm. 2436 de data 19 de decembro de 2012 procédese a ampliación do seu obxecto social quedando como segue.

A Empresa pública Seaga ten por obxecto a realización de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos en materias agrícolas, gandeiras, forestais, acuícolas, pesqueiras, marisqueiras , de desenvolvemento rural, de conservación e protección do

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

medio natural e medioambiental así como as necesarias para o mellor uso e xestión dos recursos naturais, e para a mellora dos servizos e recursos públicos.

Na modificación dos Estatutos elevada a público en escritura número cento noventa e cinco de data vintecatro de xaneiro de dous mil vintedous, engádese a "**ordenación do territorio"** como parte do obxecto social.

Na última modificación dos Estatutos elevada a público en escritura número dous mil oitocentos setenta e catro de seis de outubro de dous mil vintedous modificáronse os seguintes artigos:

- O artigo 15 para contemplar a posibilidade de que a Xunta Xeral sexa celebrada presencial ou telemáticamente
- O artigo 17 para regular os requisitos de convocatoria da Xunta Xeral cando ésta se celebre telemáticamente.
- O artigo 24-letra b) para contemplar como facultade do órgano de administración, o nomeamento do director/a de Administración e Servizos Sociais.
- O artigo 28 para contemplar a posibilidade de que o Consello de Administración se reúna por medios telemáticos.

Así mesmo nesta mesma modificación engadiuse:

- O artigo 34-Bis para regular a figura do Director/a de Administración e Servizos Xerais.

O seu obxecto social constitúeo tamén a realización de actividades que requiran intervención de carácter urxente e emerxencias de todo tipo en especial as intervencións en catástrofes medio ambientais, crises ou necesidades de carácter agrario, pecuario, forestal ou marítimo. A actividade agrícola, gandeira, animal, forestal, da pesca, do marisqueo, da acuicultura e da comercialización dos seus produtos que de forma taxativa lle sexan encomendadas pola Xunta de Galicia.

As actividades enumeradas anteriormente poden ser desenvoltas pola Sociedade, total ou parcialmente, ou ben mediante a titularidade de accións ou de participacións en sociedades con obxecto social idéntico.

A moeda funcional da sociedade é o euro.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. BASES DE PRESENTACIÓN.

1. Marco normativo e Imaxe Fiel.

Os estados financeiros (contas anuais) da Sociedade, correspondentes ao exercicio 2022 a data 31 de decembro de 2022, foron formulados polo Órgano de Administración a partir dos rexistros contables da sociedade, de acordo cos principios de contabilidade xeralmente aceptados e demais criterios valorativos recollidos no RD 1514/2007 polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, ás modificacións posteriores e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable, e amosan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Sociedade así como da veracidade dos fluxos incorporados no estado de fluxos de efectivo.

As presentes contas anuais, que foron formuladas polo Órgano de Administración da Sociedade, someteranse a aprobación pola Xunta Xeral Ordinaria de accionistas, estimándose que serán aprobadas sen modificación algunha. Pola súa banda, as contas anuais do exercicio 2021 foron aprobadas pola Xunta Xeral Ordinaria celebrada o 20/06/2022.

Non existen razóns excepcionais polas que, para amosa-la imaxe fiel, non se teñan aplicado disposicións legais en materia contable.

2. Principios contables non obrigatorios aplicados.

Non se aplicaron principios contables non obrigatorios. Adicionalmente, o Órgano de Administración formulou estas contas anuais tendo en consideración a totalidade dos principios e normas contables de aplicación obrigatoria que teñen un efecto significativo nas devanditas contas anuais. Non existe ningún principio contable que sendo obrigatorio, deixase de aplicarse.

3. Aspectos críticos da valoración e estimación de incerteza.

O Órgano de Administración da Sociedade formulou as contas anuais baixo o principio de empresa en funcionamento, dado que non existen incertezas importantes, relativas a eventos ou condicións que poidan achegar dúbidas significativas sobre a posibilidade de que a empresa siga funcionando normalmente.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Nas contas anuais adxuntas utilizáronse ocasionalmente estimacións realizadas pola Dirección da Sociedade para cuantificar algúns dos activos, pasivos, ingresos ou gastos e compromisos que figuran rexistrados, caso da vida útil dos activos para cálculo de amortizacións ou estimacións de compromisos futuros caso de provisións por continxencias. A pesar de estar feitas estas estimacións coa mellor información da que se dispoñía, non se descarta que no futuro poida ser necesario modificar estas estimacións en función de acontecementos futuros que as modifiquen. Nese caso corrixiranse de maneira prospectiva nas contas de perdas e ganancias futuras atendendo ás novas circunstancias.

Non se produciron cambios nas estimacións contables que sexan significativos e que afecten o exercicio actual ou se espere que poidan afectar os exercicios futuros.

Durante o exercicio 2022 non se produciron cambios de criterios contables significativos respecto ós criterios aplicados no exercicio anterior.

As contas anuais do exercicio 2022 non inclúen axustes realizados como consecuencia de errores detectados no exercicio.

4. Comparación da información.

Preséntanse, a efectos comparativos, con cada unha das partidas do balance, da conta de perdas e ganancias, do estado de cambios no patrimonio neto, do estado de fluxos de efectivo e da memoria das contas anuais, ademais das cifras do exercicio 2022, as correspondentes ao exercicio anterior.

5. Agrupación de partidas.

As contas anuais non teñen ningunha partida que fose obxecto de agrupación no balance, na conta de perdas e ganancias, no estado de cambios no patrimonio neto ou no estado de fluxos de efectivo

6. Elementos recolleitos en varias partidas.

Non se presentan elementos patrimoniais rexistrados en dous ou máis partidas do balance.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

7. Cambios en criterios contables.

Durante o exercicio 2022 non se produciron cambios de criterios contables significativos respecto a os criterios aplicados no exercicio anterior.

8. Corrección de erros.

As contas anuais do exercicio 2022 non inclúen axustes realizados como consecuencia de erros detectados no exercicio.

Nas contas anuais do exercicio 2022 non inclúen axustes feitos como consecuencia de erros detectados no ano.

9. Importancia Relativa.

Á hora de determinar a información que se divulgará neste informe sobre as distintas partidas dos estados financeiros ou outros asuntos, a Sociedade, de acordo co Marco Conceptual do Plan Xeral de Contabilidade, tivo en conta a importancia relativa en relación coas contas anuais. do ano fiscal 2022.

3. DISTRIBUCIÓN DE RESULTADOS.

A proposta de distribución de resultados do exercicio que finaliza o 31 de decembro de 2022, que o Consello de Administración proporá á Xunta Xeral de Accionistas para a súa aprobación, será a seguinte:

Concepto	Exercicio 2022	Exercicio 2021
Beneficio despois de Impostos (neto)	**358.042**	**870.361**
A dividendos	358.042	370.361
A Reservas	---	500.000
Total repartido:	**358.042**	**870.361**

O artigo 274 da Lei de Sociedades de Capital establece que se destinará a reservas legais o 10% do beneficio ate que dita reserva acade, como mínimo, o 20% do capital social. Dado que a cifra de reserva legal xa acadou, e supera, dita contía, non se destinará parte do beneficio a este concepto.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Nos exercicios 2021 e 2022, non se dota a Reserva Estatutaria, xa que no exercicio 2013 se modificaron os Estatutos da Sociedade, eliminando dita reserva. Sí se dotóu no exercicio 2021, unha nova reserva voluntaria con cargo a resultados por importe de 500.000 euros (cincocentos mil euros)

Durante o exercicio non se pagaron os dividendos correspondentes ó exercicio 2021.

Unha vez cubertas as atencións previstas pola Lei ou os estatutos, soamente porán repartirse dividendos con cargo ó beneficio do exercicio, ou a reservas de libre disposición, si o valor do patrimonio neto non é ou, a consecuencia do reparto, non resulta ser inferior ó capital social. A estes efectos, os beneficios imputados directamente ó patrimonio neto non porán ser obxecto de distribución, directa nin indirecta. Si existiran perdas de exercicios anteriores que fixeran que ese valor do patrimonio neto da sociedade fora inferior a cifra del capital social, o beneficio destinarase a compensación de estas perdas.

4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN.

Estas contas foron elaboradas de acordo coas normas de rexistro, valoración e clasificación contidos no Plan Xeral de Contabilidade vixente actualmente. Neste sentido os criterios contables aplicados en relación coas diferentes partidas, son os seguintes:

a) Inmobilizado material.

Os inmobilizados materiais valoráronse segundo o seu custo, ben sexa éste o prezo de adquisición a terceiros ou ben o custo de produción (caso de fabricación propia). Os impostos indirectos que gravan os elementos do inmobilizado material, só se incluíron no prezo de adquisición ou custo de produción cando non teñen sido recuperables directamente da Facenda Pública.

Tamén se incluíron como parte do valor dos inmobilizados materiais, a estimación inicial do valor actual das obrigas asumidas derivadas do desmantelamento ou retiro e outras asociadas, tales como os custos de rehabilitación, sempre que estas obrigas deran lugar ao rexistro de provisións. Ó final do exercicio evalúase a existencia de indicios de deterioro, e nese caso estímanse os importes recuperables, efectuándose as correccións valorativas que procedan.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

As amortizacións téñense establecido de maneira sistemática e racional en función da vida útil dos inmobilizados materiais e do seu valor residual, atendendo á depreciación que normalmente sufriron polo seu funcionamento, uso ou disfrute, sen perxuizo de considerar tamén a obsolescencia técnica ou comercial que podería afectalos. Cando proceda recoñecer correccións valorativas, éstas, axústanse ás amortizacións dos exercicios seguintes do inmobilizado deteriorado, tendo en conta o novo valor contable.

A entidade utiliza por grupos de elementos os seguintes coeficientes de amortizacións lineais:

Inmobilizado	Anos	Coeficiente
Maquinaria	3- 10	10%-30%
Utillaxe	3-10	10% 30%
Outras instalacións	4-8	12% 25%
Mobiliario	3-20	5%-33%
Equipos para proceso da información	3-6	15%- 33%
Elementos de transporte	12,5	8%
Outro Inmobilizado	6	15%

Os custos de renovación, ampliación ou mellora dos bens de inmobilizado material foron incorporados ao activo como máis valor do ben na medida en que supoñan un aumento da capacidade, produtividade ou alongamento da súa vida útil, dándose de baixa o valor contable dos elementos que se substituíron. Os gastos de mantemento e as reparacións do inmobilizado material que non melloren a súa utilización ou prolonguen a súa vida útil, cargaranse na conta de perdas e ganancias no momento no que se producen.

b) Inmobilizado intanxible.

O inmobilizado intanxible valórase segundo o seu custo, ben sexa este o prezo de adquisición a terceiros ou ben o custo de produción, e sen prexuízo do indicado nas normas particulares sobre este tipo de inmobilizados. Os activos deste tipo recoñecidos pola sociedade recoñecéronse por cumpriren coa definición de Activo e cos criterios de rexistro ou recoñecemento contable contidos no Marco Conceptual da Contabilidade do RD 1514/2007.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Os impostos indirectos que gravan os elementos do inmobilizado intanxible, soamente incluíronse no prezo de adquisición ou custo de produción cando non foron recuperables directamente da Facenda Pública.

Os activos intanxibles son activos de vida útil definida e, por tanto, amortizase sistematicamente en función da vida útil estimada dos mesmos e do seu valor residual. Os métodos e períodos de amortización aplicados son revisados en cada cerre do exercicio e, se procede, axustados de forma prospectiva. Ó cerre do exercicio, evalúase a existencia de indicios de deterioro, en cuxo caso estímanse os importes recuperables, efectuándose las correccións valorativas que procedan, tal e como se establece no apartado a de este epígrafe.

Cando a vida útil destes activos non poida estimarse de maneira fiable amortizaranse nun prazo de dez anos, sen prexuízo dos prazos establecidos nas normas particulares sobre el inmobilizado intanxible.

As amortizacións destes elementos intanxibles establecéronse de maneira sistemática e racional en función da vida útil dos inmobilizados intanxibles e do seu valor residual, atendendo á depreciación que normalmente sufriron polo seu funcionamento, uso ou desfrute, sen prexuízo de considerar tamén a obsolescencia técnica ou comercial que podería afectalos.

A entidade usa os seguintes coeficientes lineais de amortización:

Inmobilizado	Anos	Coeficiente
Aplicacións informáticas	3	33%

c) Arrendamentos :

Os arrendamentos clasifícanse como arrendamentos financeiros sempre que, das súas condicións, dedúcese que os riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo obxecto do contrato transfírense substancialmente ao arrendatario. Os outros arrendamentos clasifícanse como arrendamentos operativos.

c.1.) Arrendamento operativo:

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Os gastos derivados dos contratos de arrendamento operativo impóñense á conta de resultados do exercicio en que se deveñan. Calquera cobro ou pagamento que se poida realizar ao contratar un contrato de arrendamento operativo será tratado como un cobro ou pagamento anticipado que se cargará sobre os ingresos durante todo o período de arrendamento, a medida que se transfiren ou reciban os beneficios do activo arrendado.

Non existen arrendamentos financeiros xa que os vehículos alugados pola empresa están considerados como un gasto de aluguer toda vez que non se deduce que se vaian a transferir á empresa ó finalizar o arrendo, nin o prazo do aluguer cubre a maior parte da vida económica do activo.

Os gastos derivados dos acordos de arrendamento operativo cárganse a conta de perdas e ganancias no exercicio no que se deveñan.

d) Instrumentos financeiros-

A Sociedade ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha empresa e, simultaneamente, a un pasivo financeiro ou a un instrumento de patrimonio noutra empresa. Por tanto, a presente norma resulta de aplicación aos seguintes instrumentos financeiros:

• Activos financeiros:
- Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.
- Créditos por operacións comerciais: clientes e debedores varios;
- Outros activos financeiros: tales como depósitos en entidades de crédito, anticipos e créditos ao persoal, fianzas e depósitos constituídos, dividendos a cobrar e desembolsos esixidos sobre instrumentos de patrimonio propio.

• Pasivos financeiros:
- Débitos por operacións comerciais: provedores e acredores varios;
- Outros pasivos financeiros: débedas con terceiros, tales como os préstamos e créditos financeiros recibidos de persoas ou empresas que non sexan entidades de crédito incluídos os xurdidos na compra de activos non correntes, fianzas e depósitos recibidos e desembolsos esixidos por terceiros sobre participacións.;

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

• Instrumentos de patrimonio propio: todos os instrumentos financeiros que se inclúen dentro dos fondos propios, tal como as accións ordinarias emitidas ou participacións no capital social.

***d.1) Activos* financeiros**

- *Activos financeiros a custo amortizado*

Un activo financeiro inclúese nesta categoría, mesmo cando estea admitido a negociación nun mercado organizado, se a Sociedade mantén o investimento co obxectivo de percibir os fluxos de efectivo derivados da execución do contrato, e as condicións contractuais do activo financeiro dan lugar, en datas especificadas, a fluxos de efectivo que son unicamente cobranzas de principal e intereses sobre o importe do principal pendente. Os fluxos de efectivo contractuais que son unicamente cobranzas de principal e interese sobre o importe do principal pendente son inherentes a un acordo que ten a natureza de préstamo ordinario ou común, sen prexuízo de que a operación se acorde a un tipo de interese cero ou por baixo de mercado.

Con carácter xeral, inclúense nesta categoría os créditos por operacións comerciais, e os créditos por operacións non comerciais aqueles activos financeiros que, non sendo instrumentos de patrimonio nin derivados, non teñen orixe comercial e cuxos cobranzas son de contía determinada ou determinable, que proceden de operacións de préstamo ou crédito concedidos pola Sociedade. É dicir, dentro desta categoría estarían os préstamos e contas a cobrar, así como aqueles valores representativos de débeda, cunha data de vencemento fixada, cobranzas de contía determinada ou determinable, que se negocien nun mercado activo e que a Sociedade ten intención e capacidade de conservar ata o seu vencemento.

Valoración inicial: Inicialmente valóranse polo seu valor razoable, máis os custos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles. Con todo, os créditos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñen un tipo de interese contractual explícito, así como os créditos ao persoal, os dividendos para cobrar e os desembolsos esixidos sobre instrumentos de patrimonio, cuxo importe espérase recibir no curto prazo, poderanse valorar polo seu valor nominal cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non sexa significativo.

Valoración posterior: faise a custo amortizado e os intereses devindicados contabilízanse na conta de perdas e ganancias, aplicando o método do tipo de interese efectivo.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Con todo, os créditos con vencemento non superior a un ano que, de acordo co disposto no apartado anterior, valórense inicialmente polo seu valor nominal, continuarán valorándose polo devandito importe, salvo que se deterioraron.

Cando os fluxos de efectivo contractuais dun activo financeiro modifícanse debido ás dificultades financeiras do emisor, a Sociedade analizará se procede contabilizar unha perda por deterioración de valor.

Resultado do exercicio antes de Impostos	477.931	1.162.178
Multas e Sancións	2.146	5.613
- Con Orixe no exercicio anterior		
Exceso amortización (Lei 16/2012)	-2.604	-2.604
Base Impoñible	**477.474**	**1.165.188**
Taxa (%)	**25%**	**25%**
Cota Integra	**119.368**	**291.297**
Deducións		
5% Amortiz. non deducidas 2013-2014 (DT 37 LIS)	-130	-130
Imposto de sociedades devindicado	**119.238**	**291.167**

O detalle do gasto rexistrado por imposto sobre beneficios na Conta de Perdas e Ganancias é o seguinte:

Exercicio	Resultado do exercicio antes de Impostos	Taxa (%)	Gasto por imposto corrente	Gasto por imposto diferido	Resultado despois de impostos
2022	477.931	25%	119.238	651	358.042
2021	1.162.178	25%	291.167	651	870.361

O movemento experimentado polos saldos dos activos por impostos diferidos é:

Activos por Impostos diferidos	Saldo 31/12/2020	Movtos	Saldo 31/12/2021	Movtos	Saldo 31/12/2022
Amortizac. Lei 16/2012	-2.604	651	-1.953	651	-1.302

Os activos por imposto diferido indicados anteriormente, foron rexistrados no balance de situación por considerar o Órgano de Administración da Sociedade que, conforme á mellor estimación sobre os resultados futuros da Sociedade, é probable que devanditos activos sexan recuperados.

No exercicio 2022 procedeuse a rexistrar unha dedución por importe de 130 euros (igual que no 2021) correspondente ao 5% das amortizacións non deducidas nos exercicios 2013 e 2014 e revertidas parcialmente nos exercicios 2018, 2019 e 2020.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Segundo establece a lexislación vixente, os impostos non se poden considerar definitivamente liquidados ata que as declaracións presentadas sexan inspeccionadas polas autoridades fiscais ou teña transcorrido o prazo de prescrición legal de catro anos.

Os Administradores da sociedade non esperan que no caso de inspección do exercicio aberto xurdan pasivos adicionais de importancia para estas contas anuais tomadas no seu conxunto.

13.INGRESOS E GASTOS

Gastos de persoal

O detalle dos gastos de persoal correspondente ó período é o que se detalla a continuación e dentro da partida figura a dotación de cada exercicio efectuada por provisións.

Gastos de persoal	2022	2021
Soldos e salarios	4.968.754	5.946.881
Provisión por indemnizacións e Salarios de Tramitación ó persoal	113.510	1.121.235
Cargas sociais	1.638.574	2.004.531
Total	**6.720.839**	**9.072.648**

(Continúa na seguinte páxina)

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O número medio de empregados de SEAGA (determinado considerando todas aquelas persoas que teñan ou tivesen algunha relación laboral coa empresa durante o exercicio promediadas segundo o tempo durante o que prestaron os seus servizos) foi en 2022 de 224 persoas (291,12 no 2021), distribuído ó remate do exercicio segundo as seguintes categorías:

Nº medio de empregados		
categoría	**2021**	**2022**
ADMINISTRATIVO	7,78	7,78
AUX. ADMINISTRATIVO	6,05	6,07
CAPATAZ	74,04	51,92
COORD.SISTEMAS INFORMATICOS	1	1
DIRECTOR TECNICO	1	1
DIRECTOR XERENTE	1	1
DIRECTOR SERVIZOS XERAIS	0	0,25
ENXE.CAMIÑOS CANALES E PORTOS	1,15	0,54
ENX. TECNICO FORESTAL	54,2	49,19
ENX.TECNICO OBRA PUBLICA	2,49	0,83
ENXEÑEIRO AGRONOMO	1,63	0
LICENCIADO EN DEREITO	3,55	1
ENXEÑEIRO DE MONTES	8,91	7,71
ENX. TECNICO AGRICOLA	12,17	7,85
MAQUINISTA/ CONDUCTOR	5,13	4
OPERADOR / CODIFICADOR	2	2
PEON	36,75	31,81
PEON ESPECIALISTA	39,8	24,11
TEC. LABORATORIO	2	1,76
TECNICO PROVINCIAL	4	4
BIOLOGO	1,9	1,5
XEFA DE RRHH	1	1
XEFE DE BRIGADA	22,56	16,68
LICENCIADO EN ECONOMICAS	1	1
Total:	**291,12**	**224**

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A distribución por sexos ó remate do exercicio do persoal da sociedade, desagregado en número suficiente de categorías e niveis, entre os que figuran altos directivos é o seguinte:

nº de empregados ó peche do exercicio, distribuido por sexos e desglosado por categorías			
Sexo	**Categoría**	**2021**	**2022**
MULLER	ADMINISTRATIVA	4	4,76
	AUX. ADMINISTRATIVA	6	6,07
	BIOLOGO	2	1,50
	CAPATAZ	9	7,66
	ENX. CAMIÑOS CANLES E PORTOS	1	0,50
	ENX. TÉCN. FORESTAL DIRECTORA XERENTE	13	14,12 0,25
	ENX. TÉCNICA DE OBRA PÚBLICA	1	0,58
	ENXEÑEIRA AGRÓNOMA	1	0
	ENXEÑEIRA DE MONTES	3	3,33
	ENXEÑEIRA TECNICA AGRICOLA	7	5,49
	LICENCIADA EN DEREITO	2	1,16
	LICENCIADA EN ECONÓMICAS	1	1
	OPERADORA CODIFICADOR PEON	1	1 4,48
	PEON ESPECIALISTA	10	4,19
	TEC. LABORATORIO	2	1,76
	TECNICA PROVINCIAL	1	1
	XEFE DE BRIGADA	2	0,69
	XEFA RR. HH	1	1
Total		**67**	**60,54**
HOME	ADMINISTRATIVO	4	3
	BIOLOGO	0	0
	CAPATAZ	65	44,25
	COORD.SISTEMAS INFORMATICOS	1	1
	DIRECTOR TECNICO	1	1
	DIRECTOR XERENTE DIRECTOR SERVIZOS XERAIS	1	0,75 0,25
	ENX. TÉCN. FORESTAL	42	35,07
	ENXEÑEIRO AGRONOMO	1	0
	ENX. TÉCNICO DE OBRA PÚBLICA	1	0,25
	ENXEÑEIRO DE MONTES	6	4,28
	ENXEÑEIRO TECNICO AGRICOLA	5	2,36
	LICENCIADO EN DEREITO	2	1
	MAQUIN/CONDUCTOR	5	4
	OPERADOR CODIFICADOR	1	1
	PEON	32	27,33
	PEON ESPECIALISTA	35	19,92
	TECNICO PROVINCIAL	3	3
	XEFE BRIGADA	20	14,99
Total		**224**	**163,46**

No ano 2022 houbo 2 persoas, homes na categorías de peón e capataz con discapacidade do 33% (no 2021 houbo 12 persoas: 9 homes nas categorías de peón e 2 de peón especialista e 5 de capataz).

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Consumos de explotación

O detalle dos consumos de explotación é o seguinte:

Consumos	Importe 2022	Importe 2021
Compras de E.P.I.S	172.079	60.965
Compras Pequenas Ferramentas	72.899	126.472
Compras Outros Aprovisionamentos	448.781	2.354.420
Compras Outros Materiais	363.448	194.140
Traballos realizados por servizos externos	4.363	3.340
Outros traballos realizados por outras empresas	13.015.397	11.005.455
Total	**14.076.983**	**13.744.792**

Outros gastos de explotación

O detalle dos gastos de explotación correspondentes ó período é o seguinte:

Gastos de explotación	Importe 2022	Importe 2021
Arrendamentos de maquinaria	18.512	12.757
Arrendamentos de vehículos	1.790.648	2.195.181
Arrendamentos de locais	157.467	145.545
Outros arrendamentos	70.993	44.610
Mantemento de equipos informáticos	30.424	57.603
Mantemento e reparación de vehículos e maquinaria	33.488	27.949
Servizos de limpeza	33.155	37.374
Asesorías	18.864	31.431
Consultarías	122.520	153.681
Asesorías Xurídicas	18.000	18.000
Notarías, avogados e asociacións	16.765	10.075
Servizos de Prevención de Riscos	19.355	20.073
Transportes material	46.321	10.411
Primas de Seguro de Respon. Civil da empresa	76.351	51.113
Publicidade e Propaganda e Relacións Públicas	1.560	1.948
Gastos de Dirección e Xerencia	13.294	13.678
Prensa e publicacións	656	5.428
Carburantes	599.446	567.034
Electricidade, teléfono, auga, gas e outros	218.891	305.425
Material de papelería e imprenta	19.836	21.221
Outros suministros	23.046	99.137
Outros gastos de persoal e formación	57.671	45.484
Abono Xunta ventas madeira	222.334	60.613
Gastos Consello de Administración	21.675	31.788
Deterioros e Perdas	65.366	3.316
Outros tributos	78.035	84.880
Total Outros Gastos Explotación"	**3.771.500**	**4.053.494**

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Ingresos Financeiros e outros

No exercicio 2022, así como no exercicio 2021, a Sociedade non ten ingresos financeiros.

14. PROVISIÓNS E CONTINXENCIAS.

A información relativa aos movementos que se produciron nas provisións e continxencias recoñecidas no balance, detállanse na seguinte táboa:

Concepto	Saldo inicial	Altas	Baixas	Saldo final
Provisións por reestruturacións	1.115.909	1.007.952	-1.059.175	1.064.686
Total	**1.115.909**	**1.007.952**	**-1.059.175**	**1.064.686**

As provisións, detalladas a orixe, por reestruturacións derivan das eventuais indemnizacións que deban aboarse ós traballadores despedidos cunha valoración estimada baseada en resultados de sentenzas semellantes xa coñecidas.

O criterio para o cálculo da provisión en cada exercicio se efectúa tendo en conta que será este o escenario mais probable no futuro, mais, logo da sentencia firme, en base ó resultado da mesma, se recoñece no exercicio corrente o exceso da provisión efectuada de mais nos exercicios anteriores .

Os traballadores afectados e incluídos na estimación indicada son numerosos, estando moitos pendentes de xuízo, e, existen así mesmo moitos recursos plantexados xudicialmente e reclamacións administrativas que tamén poden ser recurridas, sendo estes os factores dos que depende que finalmente este pasivo supoña unha saída económica importante.

O seu desglose por tipo de provisión e cantidade sería como segue:

Concepto	Saldo a 31/12/2020	Altas	Baixas	Saldo a 31/12/2021	Altas	Baixas	Saldo a 31/12/2022
Contrato Obra	303.264	372.416	-303.264	372.416	445.996	-372.416	445.996
Veterinarios	278.207	----	-278.207	----			----
Modificación substancial contrato	465.196	515.848	-465.196	515.848	418.451	-515.848	418.451
Demandas Civiles	56.734	56.734	-56.734	56.734	56.734	-56.734	56.734
Indemnizaciones fin de obr	----	170.911	----	170.911	143.505	-170.911	143.505
Total	**1.103.401**	**1.115.909**	**-1.103.401**	**1.115.909**	**1.064.686**	**-1.115.909**	**1.064.686**

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

As aplicacións e dotacións efectuadas neste exercicio, se xustifican pola relevancia da súa contía as seguintes:

Contrato Obra.

Corresponde á reclamacións presentadas polo persoal de prevención e defensa contra incendios forestais e traballos silvícolas en concepto de desprazamentos, dietas durante as campañas de 2015, 2016, 2017 e 2018 e tamén reclamacións de dereito de fixos descontinuos, trienios, etc.

Modificación Substancial contrato.

Correspóndese esta provisión co cálculo da indemnización (antes as reclamacións presentadas) que lles correspondería tendo en conta as antigüidades en Seaga do persoal de incendios que non asinou a modificación substancial das súas condición laborais no exercicio 2019, ben por entrar na Xunta directamente ou noutras entidades locais.

Demandas Civil.

Dótase esta provisión en base á demanda recibida da empresa ACOVAL SL, que reclama o cobro por aumentos de obra de importe 56.734 euros.

Indemnizacións contratos fin de obra.

Esta provisión está baseada en reclamacións xudiciais e ten como finalidade cubrir o risco certo derivado dunha posible indemnización futura en casos de despido de traballadores como consecuencia da reforma laboral.

A Sociedade, dada a súa actividade, utiliza modalidades de contratación laboral de carácter temporal que obrigan á mesma a indemnizar aos traballadores temporais á finalización do seu contrato, nun importe equivalente a 12 días por ano traballado. A Sociedade, ao peche do exercicio procedeu a efectuar un cálculo das indemnizacións devindicadas, en función da mellor información dispoñible no devandito momento, rexistrando a oportuna provisión polo devandito importe motivada por o Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

15.INFORMACIÓN SOBRE MEDIOAMBIENTE.

Dado o obxecto social e as actividades desenvoltas por Seaga, unha gran parte dos seus activos, ingresos e gastos da sociedade están afeitos a actividades medio ambientais.
A actividade de Seaga como prestadora de servizos non xera subprodutos que deban ser obxecto de tratamento específico, polo que non existen gastos de carácter medioambiental significativos dentro da conta de resultados da sociedade.

O órgano de administración considera mínimos, e en todo caso, adecuadamente cubertos os riscos medioambientais que se poderían derivar da súa actividade, e estima que non xurdirán pasivos adicionais relacionados con ditos riscos.

16. RETRIBUCIÓNS A LONGO PRAZO AO PERSOAL.

A sociedade non concede retribucións a longo prazo ao persoal de apartación ou prestación definida.

17. TRANSACCIÓNS CON PAGOS BASEADOS EN INSTRUMENTOS DE PATRIMONIO.

Non existen transaccións con pagos baseados en instrumentos de patrimonio.

18. SUBVENCIÓNS, DOAZÓNS E LEGADOS.

No exercicio 2022 e 2021 non houbo movementos na partida de subvencións, doazóns e legados.

19. COMBINACIÓNS DE NEGOCIOS.

A sociedade non realizou combinacións de negocios durante o exercicio.

20. NEGOCIOS CONXUNTOS.

A sociedade non realizou negocios conxuntos durante o exercicio.

21. ACTIVOS NON CORRENTES MANTIDOS PARA A VENDA E OPERACIÓNS INTERROMPIDAS.

A sociedade non ten activos non correntes mantidos para a venta e operacións interrompidas.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

22.FEITOS POSTERIORES AO PECHE.

Non existen acontecementos posteriores ao peche do exercicio, dignos de mención.

23.OPERACIÓNS CON EMPRESAS DO GRUPO.

A sociedade presta servizos á Consellería do Medio Rural e entidades adscritas a Xunta de Galicia , sendo esta pois o seu principal cliente e único accionista.

As prestacións de servizos realizadas á Consellería do Medio Rural e outras entidades adscritas é como segue:

Entidade Vinculada	Prestacións de Servizos	
	Importe 2022	Importe 2021
XUNTA DE GALICIA MEDIO RURAL	17.095.416	18.669.469
XUNTA DE GALICIA MEDIOAMBIENTE	819.414	554.792
XUNTA DE GALICIA MAR	828.094	1.368.192
AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA	523.357	765.556
PORTOS DE GALICIA	691.720	749.251
FUNDACION CIDADE DA CULTURA	226.135	363.294
AXENCIA DE TURISMO	166.231	105.553
RETEGAL	34.533	42.692
AUGAS DE GALICIA	---	171.619
INTECMAR	239.990	245.028
XUNTA PRESIDENCIA E VICEPRESIDENCIA	1.283.389	1.521.458
AXENCIA DE INFRAESTRUCTURAS DE GALICIA	1.788.218	1.738.871
AGADER	720.823	556.596
VENDAS VARIAS	648.294	146.187
TOTAL:	**25.065.614**	**26.998.557**

Entidade Vinculada	Recepción de Servizos	
	Importe 2022	Importe 2021
XUNTA DE GALICIA CONSELLERIA DE FACENDA	18.000	18.000

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A facturación realizada á Xunta de Galicia ou entidades adscritas a esta supón o 100% das prestacións de servicios da entidade no ano 2022 e 2021. As vendas corresponden a vendas de madeira a entidades cas que Seaga non ten vinculación.

Durante o exercicio 2022 os membros do Consello de Administración da Sociedade devindicaron un importe de 21.675 euros (31.788 euros en 2021) en concepto de axuda de custo por asistencia a consellos.

A 31 de decembro de 2022 (ao igual que en 2021) a Sociedade non mantén obrigas contraídas cos Administradores por mor de pensións ou outras obrigas asumidas pola súa conta a modo de garantía.

Os membros do consello de administración non informaron de ningunha situación de conflito, directo o indirecto, que puideran ter ca Sociedade, tal e como establece o artigo 229.3 do Texto Refundido da Lei de Sociedades de capital.

A entidade no exercicio 2022 devindicou a cantidade de 2.748 euros (2.748 euros no 2021) correspondentes a prima de seguros de responsabilidade civil de directivos e administradores por danos ocasionados por actos ou omisións no exercicio do seu cargo.

As retribucións da alta dirección da compañía foron como segue:

Desglose conceptos	Retribución alta dirección			
	Autorizado		Percibido	
	2022	2021	2022	2021
Director xerente	62.634	60.516	62.634	60.516
Pablo Abones Maciñeira (*)	*46.976*	*60.516*	*46.976*	*60.516*
Luisa Pineiro Arcos	*15.659*	----	*15.659*	----
Director administración e servizos xerais	56.047	----	14.012	----
Pablo Abones Maciñeira (*)	*56.047*	----	*14.012*	----
Total	**118.681**	**60.516**	**76.646**	**60.516**

(*) Modificación do cargo desde outubro do 2022.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

24.OUTRA INFORMACIÓN.

A empresa auditora das contas anuais correspondentes ó exercicio 2022 da sociedade devindicará uns gastos por honorarios e gastos polo servizo de auditoría de 4.950 euros (igual importe no ano anterior).

Dentro dos pasivos a curto prazo se recolle unha débeda coa Xunta de Galicia de 213.065 euros (9.697 euros no ano anterior) que se corresponde a ingresos procedentes de venda de madeira de titularidade publica autonómica, por actuacións do convenio de xestión con Seaga e que se ingresan na conta do Tesouro, e que supuxeron un gasto no ano 2022 de 203.368 euros (40.993 euros no 2021).

Información relativa ó Consello de Administración.

Nos exercicios 2022 e tamén non 2021 houbo modificacións nos cargos do Consello de Administración que afectaran os seus membros, sendo presidente no momento da formulación das presentes Contas Anuais, Don José González Vázquez, conselleiro da Consellería de Medio Rural cuxo nomeamento se reflectíu na acta correspondente e posteriormente se elevaron a público e se inscribiron no rexistro mercantil de Santiago de Compostela.

25.INFORMACIÓN SEGMENTADA.

a) Información sobre os contratos con clientes.

Os ingresos obtidos por SEAGA durante o exercicio foron produto da execución de encomendas de xestión anuais e plurianuais por un total de 24.417.321 euros (26.852.370 euros no exercicio anterior). Así mesmo, producíronse vendas de madeira por importe de 648.294 euros (193.096 euros no exercicio anterior).

Tódolos ingresos da Sociedade foron obtidos en Galicia e facturados en euros.

A totalidade da cifra de negocios da Sociedade dos exercicios 2022 e 2021 corresponde a contratos a prezo fixo.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A desagregación do Importe neto da cifra de negocios por tipo de cliente detallase é o seguinte:

	Euros	
	2022	2021
Clientes Nacionales		
Sector Público	24.417.321	26.852.370
Empresas Públicas	*24.417.321*	*26.852.370*
Sector Privado	648.294	193.097
	25.065.614	**27.045.467**

A desagregación do Importe neto da cifra de negocios por tipo de contrato en función da duración do contrato, é o seguinte:

	Euros	
	2022	2021
Contratos a corto plazo	11.845.583	4.680.978
Contratos a largo plazo	13.220.031	22.364.488
	25.065.614	**27.045.467**

Os saldos de apertura e peche das contas por cobrar, activos do contrato e pasivos do contrato derivados de acordos con clientes do exercicio 2022 e 2021 detállense na nota 9 de activos financeiros.

A Sociedade cumpre as obrigacións fronte ao cliente incluíndo as obrigacións nun acordo de entrega posterior á facturación nos seguintes momentos:

- A Sociedade a medida que se completa o servizo de encomendados vai cumprindo as obrigacións co cliente. É dicir, a transferencia do control prodúcese ao longo do tempo polo que se recoñecerá o ingreso en función do grao de avance do servizo.

Os métodos utilizados para determinar o grao de avance e recoñecer os ingresos de actividades ordinarias foron: Método de produto: os ingresos recoñécense sobre a base de medicións directas do valor para o cliente dos bens ou servizos transferidos ata a data (por exemplo, certificacións parciais da obra xa realizada ou do servizo prestado), en relación cos bens ou servizos pendentes. Os métodos de produto inclúen, entre outros, métodos tales como a identificación das unidades producidas ou entregadas, fitos alcanzados ou tempo transcorrido.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

b) Información sobre os xuízos significativos na aplicación da norma de rexistro e valoración.

Para obrigacións que se satisfán nun momento determinado, os xuízos significativos realizados para avaliar cando obtén un cliente o control dos bens ou servizos comprometidos foron:

- O cliente asume os riscos e beneficios significativos inherentes á propiedade do activo.
- A empresa transferiu a posesión física do activo.
- O cliente recibiu (aceptado) o activo a conformidade segundo as especificacións contractuais.
- A empresa ten un dereito de cobranza por transferir o activo.
- O cliente ten a propiedade do activo.

c) Información sobre os activos recoñecidos polos custos para obter ou cumprir un contrato cun cliente.

c.1) Custos incrementais da obtención dun contrato.

Son os desembolsos nos que incorre a empresa para obter un contrato cun cliente e nos que non incorrería de non obterse o contrato.

Estes custos impútanse á conta de perdas e ganancias de forma sistemática e coherente coa transferencia dos bens e servizos cos que se relacionan polo que son, no seu caso, obxecto de periodificación se se espera recuperar ese importe a través da contraprestación recibida pola realización do contrato.
Os custos de obter un contrato nos que se incorreu con independencia de se se obtén o contrato ou non, rexístranse como un gasto cando se devindica salvo que a empresa teña un dereito de cobranza fronte ao cliente por incorrer en tales desembolsos.

Ao peche dos exercicios 2022 e 2021, non existen saldos pendentes de activos recoñecidos polos custos incorridos para obter un contrato.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

c.2) Custos derivados do cumprimento dun contrato.

Son aqueles que se relacionan directamente cun contrato en vigor ou cun contrato esperado que se pode identificar de forma específica; isto é, son desembolsos que xeran ou melloran un activo que se utilizará para cumprir a obrigación comprometida co cliente.

Estes custos cualifícanse como existencias cando constitúen un factor de produción ligado ao ciclo da explotación. En caso contrario trátanse como un inmobilizado intanxible.

A posterior imputación á conta de perdas e ganancias destes custos realízase de forma sistemática e coherente coa transferencia dos bens e servizos cos que se relacionan.

Ao peche dos exercicios 2022 e 2021, non existen saldos pendentes de activos recoñecidos polos custos incorridos no cumprimento dun contrato.

26. DEBER DA INFORMACIÓN DA LEI 15/2010 DE MEDIDAS CONTRA A MOROSIDADE

Información sobre os aprazamentos de pago efectuados a provedores segundo a disposición adicional terceira sobre o deber de información da Lei 15/2010 do 5 de xullo, a empresa comunica que os pagos realizados son os indicados a continuación:

	2022		2021	
	Días			
Período medio de pago a proveedores	29		30	
Ratio de operaciones pagadas	33		34	
Ratio de operaciones pendientes de pago	16		20	
	Importe (euros)			
Total pagos realizados	17.418.227	---	9.646.771	---
Pagos dentro del plazo legal	*8.241.322*	*47,3%*	*6.777.957*	*70,3%*
Pagos superiores al plazo legal	*9.176.904*	*52,7%*	*2.868.814*	*29,7%*
Total pagos pendientes	4.129.522	---	4.023.822	---
	Número facturas pagadas			
Número total de facturas	3.855		3.495	
Dentro del plazo legal	*2.346*	*60,9%*	*1.612*	*46,1%*
Superior al plazo legal	*1.509*	*39,1%*	*1.883*	*53,9%*

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Para este exercicio 2022 (ó igual que no 2021) o prazo que se tomou foi o de 60 días en base ó informe da Xunta Consultiva Núm. 58/10 de 23 de maio de 2011 "Prazo de pago aplicable a los entes, organismos y entidades que, aínda pertencendo ao sector público estatal, no teñan sen embargo, a consideración de Administracións Públicas" que reflicte o seguinte:

3. Los organismos, entidades, entes, empresas, fundaciones, mutuas, etc., que no tienen la condición de Administración Pública a los efectos de la Ley de Contratos del Sector Público, y por no resultarles de aplicación lo dispuesto en el artículo 200.4 de la misma Ley, han de pagar sus deudas en el plazo de sesenta días, conforme se regula en el artículo 4.1 de la Ley 3/2004.

Santiago de Compostela a 24 de marzo de 2023.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

INFORME DE XESTIÓN EXERCICIO 2022

ÍNDICE

1.	MARCO DE ACTUACIÓN DA SOCIEDADE	01
2.	EVOLUCIÓN DA ACTIVIDADE DA SOCIEDADE	03
3.	RESULTADOS E INDICADORES CLAVE	14
4.	MEDIOS DA SOCIEDADE	17
5.	INFORMACIÓN RELATIVA ÓS RECURSOS HUMANOS	21
6.	EVOLUCIÓN PREVISTA	34
7.	RISCOS E INCERTEZAS	35
8.	USO DE INSTRUMENTOS FINANCEIROS	36
9.	ACONTECEMENTOS POSTERIORES AO PECHE	36

Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.U
Polígono industrial do Tambre, Vía Marconi 14
Santiago de Compostela 15890 A Coruña
T. +34 981 546 127 Fax. +34 881 997 192
www.epseaga.com

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1. MARCO DE ACTUACIÓN DA SOCIEDADE.

1.1. ESTATUTOS.

Os estatutos da Sociedade foron aprobados polo Decreto 260/2006, do 28 de decembro, de creación da sociedade pública Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. e modificados en tres ocasións:

- 1ª modificación autorizada por acordo do Consello da Xunta o 13/09/2012, aprobada pola Xunta Xeral da Sociedade, 0 12/12/2012 e publicados no Diario Oficial de Galicia o 13/02/2013.
- 2ª modificación acordada polo Consello da Xunta o 30/09/2021, aprobada pola Xunta Xeral da Sociedade o 29/11/2021, sendo publicados no Diario Oficial de Galicia o 22/04/2022.
- 3ª modificación acordada polo Consello da Xunta, na súa reunión do 04/08/2022 , aprobada pola Xunta Xeral da Sociedade o 13/09/2022, sendo publicados no Diario Oficial de Galicia o 22/11/2022.

1.2. INSTRUCIÓN CONXUNTA E SISTEMA DE TARIFAS.

O marco regulador das encomendas, que a Administración Galega lle formule á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A, esta establecido mediante:

- A “Instrución conxunta das Consellerías de Economía e Facenda e do Medio Rural sobre o réxime das encomendas á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.”.
- O sistema de tarifas aplicable á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.U. (SEAGA).

Unha vez aprobada a modificación dos Estatutos, a instrución reguladora requirirá de adaptación, derivada da regulación dos encargos establecida pola Lei 9/2017, da Lei 16/2010 do 17 de decembro, e doutra normativa reguladora da organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O sistema de tarifas aplicable á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA) nas encomendas que lle formule a Administración Galega aprobouse con data 15 de setembro de 2009, pola

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

comisión interdepartamental constituída a tal efecto segundo o disposto no artigo 44 da "Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009", e pola "Instrución conxunta das Consellerías de Economía e Facenda e do Medio Rural sobre o réxime das encomendas á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.". Ditas tarifas sufriron dúas actualizacións nas datas:

- 27/07/2010.
- 20/08/2013.

1.3. INSTRUCCIÓN REGULADORA DOS PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN.

A Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece a obriga da adaptación das instrucións que regulan os procedementos de contratación nos poderes adxudicadores que non teñen a condición de administracións públicas.

Unha vez aprobados o Estatutos, e a modificación do cadro de persoal continuo da Empresa, procederase á súa actualización adoptando a forma de directrices de contratación e adaptándose ao sistema de licitacións electrónica incluído na Plataforma de Contratos de Galicia e o xestor de expedientes de contratación (Plation).

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. EVOLUCIÓN DA ACTIVIDADE DA SOCIEDADE.

2.1. CIFRA DE NEGOCIO.

A cifra de negocio no exercicio 2022 acadou un importe neto total de 25.065.614€, fronte ós 27.045.466€ do exercicio 2021, cunha diminución que representa un 7,32%.

Desde ano 2019 no que se acadou un mínimo coincidindo coa finalización dos servizos de reforzo ao dispositivo de prevención e defensa contra incendios da Xunta de Galicia, a Empresa duplicou o seu volume de actividade, debido fundamentalmente á consolidación e encargos existentes é a apertura de novas liñas.

Na seguinte táboa indícase a evolución da cifra de negocio nos últimos cinco exercicios:

EXERCICIO	CIFRA DE NEGOCIO (€)	VARIACIÓN (€)	VARIACIÓN (%)
2018	16.973.777	289.138	1,73%
2019	12.692.207	-4.281.570	-25,22%
2020	20.957.683	8.265.476	65,12%
2021	27.045.466	6.087.783	29,05%
2022	25.065.614	-1.979.852	-7,32%

Exprésase no seguinte gráfico a representación da evolución da cifra de negocio da Sociedade nos últimos cinco exercicios:

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2.2. CLIENTES

A práctica totalidade dos ingresos percibidos pola Sociedade (97,41%) proceden dos encargos desenvoltos para os poderes adxudicadores dos que é medio propio: a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico. O resto dos ingresos son privados e obtidos da venda de madeira e os contratos de xestión de biomasa; ambas fontes como consecuencia directa das actividades desenvoltas para o Sector Público.

Aínda que o principal cliente é a Consellería do Medio Rural, dende o exercicio 2013, no que entrou en vigor a primeira modificación dos Estatutos (que ampliou significativamente o obxecto social) iniciouse un proceso de diversificación que continúa incorporando novos entes públicos.

A estrutura da Xunta de Galicia modificouse polo Decreto 58/2022, de 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Posto que cambiou a dependencia de certos órganos, expóñense as cifras seguindo a configuración actual.

A distribución da cifra de negocio por clientes é a seguinte:

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CONSELLERÍA / CLIENTE	CIFRA DE NEGOCIO	%
Presidencia da Xunta de Galicia	200.764,56 €	0,80%
Vicepresidencia 2ª	1.283.388,67 €	5,12%
Medio Ambiente	819.414,36 €	3,27%
Infraestruturas e Mobilidade	1.788.217,68 €	7,13%
Cultura, Educación	226.134,54 €	0,90%
Medio Rural	18.339.596,35 €	73,17%
Mar	1.759.803,87 €	7,02%
Ingresos privados	648.294,17 €	2,59%
TOTAIS	**25.065.614,20 €**	**100,00%**

Os ingresos privados (648.294,17€) incrementáronse notablemente fronte ao exercicio anterior (193.096,60€) e corresponden:

- Ingresos procedentes dos titulares adheridos ao Sistema Público de Xestión de Biomasa nas Faixas Secundarias (262.651,60€).
- Ingresos procedentes da venda de madeira retirada como consecuencia da xestión da biomasa nas faixas secundarias (158.966,98€).
- Ingresos procedentes da venda de madeira retirada na execución do encargo do Centro de Loita Integral Contra o Lume de Toén (136.518,90€).
- Ingresos procedentes da venda de madeira retirada como consecuencia da execución do encargo da Axencia Galega de Infraestruturas (90.156,69€).

A maioría dos ingresos percibidos pola Sociedade, 18.339.596,35€ (un 75,11%) procederon de traballos desenvoltos para a Consellería do Medio Rural (á que está adscrita a Sociedade) e dos seus organismos dependentes. Hai unha diminución acorde co volume xeral, pero cun lixeiro incremento do peso relativo.

Mantense estable o volume de actividade executado para a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade cos encargos (relacionados co mantemento de infraestruturas) para a realización de traballos de retirada, astelado ou acopio e venda da madeira das árbores situadas no dominio público das marxes das estradas

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

de titularidade autonómica de Galicia, ditos encargos acadaron un total de 1.788.217,68 €, cifra moi similar aos 1.738.870,61€ do ano 2021.

A Consellería do Mar aporta un 7,21 % da actividade (1.759.803,87 €), diminuíndo respecto ao ano 2021, pero en liña con anos anteriores. A causa da diminución é o menor peso das actividades para desenvolvemento pesqueiro (rexeneración e reinstalación).

Mantívose no ano 2022 encargo para o Plan de Control da Avespa asiática, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, cun importe significativo aínda que non determinante (1.283.388,67€). A relevancia deste encargo reside na súa transcendencia mediática e pon a proba a capacidade da Empresa na prestación de servizos públicos.

Os encargos recibidos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, consistentes en traballos nos parques naturais, acadaron un importe final de 819.414,36€ (3,36%), cun incremento en termos relativos e absolutos, pois no ano 2021 o importe total foi de 554.791,77€ (2,05%).

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade formulou novos encargos relacionados co Bosque de Galicia no monte Gaiás. A pesar de que o importe (226.134,54€) non é salientable constitúe unha actividade relevante pola súa contribución á imaxe da Empresa.

Entre os entes dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, se seguen prestando servizos de mantemento dos centros de telecomunicacións de Retegal, por importe de 34.533,28€.

O importe restante da Presidencia (166.231,28€) corresponde á Axencia de Turismo de Galicia, na asistencia técnica para o mantemento dos Camiños de Santiago.

A continuación preséntase unha táboa e un gráfico que recolle as porcentaxes de actividade por consellerías.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CONSELLERÍA	CIFRA DE NEGOCIO	%
Presidencia da Xunta de Galicia	200.764,56 €	0,82%
Vicepresidencia 2ª	1.283.388,67 €	5,26%
Medio Ambiente	819.414,36 €	3,36%
Infraestruturas e Mobilidade	1.788.217,68 €	7,32%
Cultura, Educación	226.134,54 €	0,93%
Medio Rural	18.339.596,35 €	75,11%
Mar	1.759.803,87 €	7,21%
TOTAIS	**24.417.320,03 €**	**100,00%**

Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.U
Polígono industrial do Tambre, Vía Marconi 14
Santiago de Compostela 15890 A Coruña
T. +34 981 546 127 Fax. +34 881 997 192
www.epseaga.com

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Consellería do Medio Rural

Para a Secretaría Xeral Técnica levouse a cabo unha asistencia técnica de apoio á controis FEADER por importe total ascendeu a 69.130,74 €.

A Dirección Xeral de Defensa do Monte, segue a ser a dirección xeral que mais contribúe a actividade da Empresa, a cifra total ascende a 11.967.357,06 € o que representa case un 48% do total. As actividades desenvoltas son principalmente preventivas (Convenio de Xestión da Biomasa nas Faixas Secundarias) ademais de encargos de apoio aos dispositivos de extinción e execución de obras relacionadas coa prevención e extinción.

A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal é o segundo cliente que máis volume aporta a actividade da Sociedade cun importe total de 4.941.377,68 € o que representa un 19,71% do total. Diminúe o seu peso en termos absolutos e relativos. As actuacións desenvoltas continúan sendo fundamentalmente relativas á sanidade forestal, tratamentos silvícolas, repoboación forestal e apoio técnico aos sinalamentos de madeira e inventarios forestais.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, segue a diminuír a súa aportación quedando cunha porcentaxe practicamente testemuñal (0,47%) tendo en conta as cifras que historicamente mantiña, cun importe de 117.550,67 €. Os encargos están relacionados coas infraestruturas agrarias.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural incrementa o volume (720.823,27€) dos seus encargos fronte ao ano 2021 (556.596,30 €) seguen estando relacionados coas Aldeas Modelo, amosa unha tendencia á alza.

A Axencia Galega da Calidade Agroalimentaria continúa cos encargos relativos a estatísticas agrarias, controis FEADER, seguimento das campañas do Plan de Control da Vendima e executando obras nos centros dependentes de esta Axencia. O importe total ascendeu a 523.356,93€ fronte aos 765.555,89 € do exercicio anterior.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Consellería do Mar

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, a Través da Subdirección Xeral de Apoio Científico continuou encomendando actuacións á Sociedade, tales como a reinstalación de moluscos e os proxectos de conservación dos ecosistemas mariños mediante a rexeneración dos bancos marisqueiros, acadando un importe total de 743.584,99 €, un 2,97% do volume total.

Mantense a encomenda de xestión para a retirada, almacenamento e xestión de residuos procedentes da inspección de vixilancia pesqueira Subdirección Xeral de Gardacostas, cun importe de 84.508,77€.

Mantense o peso en termos absolutos de INTECMAR, con traballos de mostraxe mariño, por importe de 239.990,42 €.

A entidade pública empresarial Portos de Galicia, cliente habitual anos atrás volveu a realizar encargos á Sociedade por importe de 691.719,69 €. Consistiron no mantemento de infraestruturas e asistencias técnicas.

Na táboa e gráfico seguintes resúmense estes datos.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CONSELLERÍA	DIRECCIÓN XERAL / ENTIDADE	SUBDIRECCIÓN XERAL	IMPORTE	%
Presidencia	Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, SA	Departamento Económico	34.533,28	0,14%
Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes	Axencia Turismo de Galicia	Área de Xestión Económica e Orzamentaria	166.231,28	0,66%
	Dirección Xeral de Administración Local	Dirección Xeral de Administración Local	1.283.388,67	5,12%
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	Dirección Xeral de Patrimonio Natural	Subdirección Xeral de Espazos Naturais	819.414,36	3,27%
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	Axencia Galega de Infraestruturas	Área de Contratación e Administración	1.788.217,68	7,13%
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades	Fundación da Cidade de Cultura de Galicia	Xerencia	226.134,54	0,90%
Consellería do Medio Rural	Secretaría Xeral Técnica	Servizo de Coordinación e Seguimento do PDR	69.130,74	0,28%
	Dirección Xeral de Defensa do Monte		11.967.357,06	47,74%
	Direccion Xeral de Planificación e Ordenación Forestal		4.941.377,68	19,71%
	Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural		117.550,67	0,47%
	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural		720.823,27	2,88%
	Axencia Galega de Calidade Alimentaria	Departamento de Contabilidade	523.356,93	2,09%
Consellería do Mar	Secretaría Xeral Técnica	Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia	84.508,77	0,34%
	Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro	Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Técnico Científico	743.584,99	2,97%
	Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia	Xerencia	239.990,42	0,96%
	Entidad Pública Empresarial Portos de Galicia	Departamento de Contabilidade e Tesoureria Servizos Xerais	691.719,69	2,76%
			24.417.320,03	
Privado	Venda madeira procedende dominio público AXI		90.156,69	0,36%
	Venda madeira contratos xestión biomasa		158.966,98	0,63%
	Venda de maderia encargo Toén		136.518,90	0,54%
	Contratos xestión biomasa particulares		262.651,60	1,05%
		TOTAIS	**25.065.614,20**	

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

% Clientes

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2.3. ÁREAS DE ACTIVIDADE.

A Sociedade segue tendo como primeira fonte de ingresos as Obras e Servizos Forestais cunha porcentaxe do 69,25% da actividade, seguido polas Obras e Servizo Ambientais (17,68%), as Obras e Servizos Agrarios (5,86%) e as actividades no eido mariño (7,21 %).

Segue a manterse a clara vocación pola actividade forestal da Empresa, o mais salientable é a diminución do peso relativo dos servizos agrarios no volume total.

Na táboa preséntase a cifra de negocio correspondente a cada área de actividade.

AREAS DE ACTIVIDADE	CIFRA DE NEGOCIO	%
Obras e Servizos Agrarios	1.430.861,61 €	5,86%
Obras e Servizos Forestais	16.908.734,74 €	69,25%
Obras e Servizos Mariños	1.759.803,87 €	7,21%
Obras e Servizos Ambientais	4.317.919,81 €	17,68%
TOTAIS	**24.417.320,03 €**	**100,00%**

Axúntase o gráfico correspondente:

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2.4. ENCARGOS MAIS REPRESENTATIVOS.

Os encargos mais representativos recibidos pola Sociedade son:

- Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.
- Encargos da Dirección Xeral de Defensa do Monte para apoio loxístico e na formación do dispositivo de prevención de incendios forestais.
- Encargos para actuacións de loita contra pragas e enfermidades das especies forestais (avespiña do castiñeiro, defoliadores, nematodos, cancro do castiñeiro, etc..).
- Encargos de inventario forestal continuo e sinalamento de madeira e pé.
- Encargo para a execución dos traballos de retirada e destrución de niños incluídos no Programa galego de vixilancia e control fronte a avespa asiática (avespa velutina).
- Encargos en proxectos de mobilidade de terras (Aldeas Modelo e Polígonos Agroforestais) e de execución de redes de camiños en zonas de concentración parcelaria.
- Encargo para a retirada, astelado ou acopio e venda da madeira das árbores situadas no dominio público das marxes das estradas de titularidade autonómica de Galicia.
- Encargos para o mantemento e melloras nos espazos naturais protexidos.
- Encomenda de execución para a reinstalación de moluscos bivalvos procedentes de zonas clase C no litoral norte (Ría de Ferrol) da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Encargo para execución de traballos no plan de conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños nos bancos marisqueiros.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3. RESULTADOS E INDICADORES CLAVE.

3.1. CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.

O resultado de explotación antes de impostos acadou os 477.931,28€ os fronte aos 1.162.178,33€ do exercicio 2021.

A previsión do resultado neto de explotación ascende a 358.042,14€, un 1,43% sobre a cifra de negocio, unha vez descontada a cota líquida do Imposto de Sociedades que ascende a 119.889,14€.

O beneficio obtido pola Sociedade experimenta unha importante diminución, debido fundamentalmente a dous factores:

- A inflación incrementou sensiblemente os custos, sen que se producise un incremento dos prezos das Tarifas.
- A redución de ingresos incrementou o peso dos custos fixos sobre o resultado.

De calquera xeito, o resultado entra dentro do esperado e supera o que se pode considerar normal na serie histórica dos resultados da Empresa, tal e como se aprecia na táboa e no gráfico que se presentan a continuación.

EXERCICIO	CIFRA DE NEGOCIO (€)	BENEFICIO NETO (€)	BENEFICIO NETO (%)
2018	16.973.777	121.257	0,71%
2019	12.692.207	107.026	0,84%
2020	20.957.683	113.587	0,54%
2021	27.045.466	870.361	3,22%
2022	25.065.614	358.042	1,43%

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A este resultado contribúe a redución de 51.222,80€ nas provisións para outras responsabilidades (excesos de provisións).

Aínda que será tratado no epígrafe dedicado aos recursos humanos, os custos de persoal seguen diminuíndo en termos relativos acadando o 27% fronte ao 35% do exercicio precedente, a cifra mais baixa de toda a serie histórica.

Como contrapartida, a contra de aprovisionamentos increméntase desde o 51% ao 56% fundamentalmente debido aos traballos realizados por outras empresas.

3.2. BALANCE.

A modificación mais salientable do Balance é o incremento das reservas derivado da aplicación do resultado do exercicio 2021, incrementándose en 500.000€.

Polo que respecta ao Activo Corrente, mantense en cifras moi similares ás do exercicio precedente, a Tesourería incrementouse notablemente (4.934.305,92€ fronte a 2.280.284,17€), pero tamén se reduciu a conta de Clientes (5.733.883,58€ fronte a 8.602.728,17€).

A contía das provisións para outras responsabilidades (litixios fundamentalmente de índole laboral) mantívose dentro da mesma orde de magnitude (1.064.686€) cunha redución de 51.222,80€.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A Sociedade pode acometer inversións sen recorrer á financiación, sempre e cando se manteña o equilibrio indicado.

Preséntase no gráfico a evolución da Tesourería da Sociedade.

Ao peche do exercicio non se rexistran anticipos de clientes, posto que non houbo traballos cobrados pendentes de rematar. Lembrarase que os anticipos eran moi habituais nos medios propios nos primeiros anos de funcionamento da Empresa.

Ano	2018	2019	2020	2021	2022
Anticipos de clientes	0	0	0	177.140	0
Tesourería	4.060.146	1.715.815	4.534.929	2.280.284	4.934.306

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4. MEDIOS DA SOCIEDADE.

4.1. INSTALACIÓNS ACTUAIS.

A Sociedade conta, na actualidade con seis oficinas, aínda que unha delas funciona de xeito temporal:

SEDE CENTRAL: Cóntase con dúas naves en réxime de aluguer no Polígono do Tambre. Nas oficinas atópanse os servizos centrais (Xerencia, Dirección Técnica, Recursos Humanos, Contabilidade, etc...) e funciona como almacén central de subministracións e equipos.

SANTIAGO: Oficina situada na rúa Valiño de Santiago de Compostela. Foi preciso recorrer ao aluguer deste local comercial, dado o elevado número de traballadores precisos para o desempeño de asistencias técnicas.

CORUÑA: Cesión mediante un permiso de ocupación temporal por parte da Consellería do Medio Rural e do Mar da antiga vivenda do Director da Escola de Capataces de Guísamo (Bergondo). Dispón de oficinas, almacéns e espazo exterior para aparcamento.

LUGO: Dende o mes de xullo de 2011 ocúpase unha nave en réxime de aluguer no Polígono do Ceao (Concello de Lugo).

OURENSE: Dende o mes de xullo de 2011 ocúpase unha nave en réxime de aluguer no Polígono de San Cibrao das Viñas, no Concello do mesmo nome.

PONTEVEDRA: Ocupando actualmente as instalacións de Salcedo, con permiso de ocupación temporal por parte da Consellería do Medio Rural e do Mar.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4.2. PLANIFICACIÓN DAS INSTALACIÓNS.

Tendo en conta a evolución do volume de actividade e a situación financeira da Empresa, no que respecta aos Fondos Propios (reservas) e os custos actuais dos alugueres, cómpre realizar unha análise que optimice o aproveitamento destes recursos, reducindo o gasto corrente.

Este plantexamento encaixa perfectamente dentro da política seguida nos últimos anos pola Administración Autonómica no que respecta aos alugueres.

Servizos Centrais:

Deberá plantexarse a posibilidade de adquirir unhas instalacións permanentes para a Empresa, en Santiago de Compostela ou nas súas proximidades, realizando un estudo previo de necesidades, analizando a conveniencia:

- Adquisición dunha parcela e construción dunha edificación.
- Adquisición dunha edificación e proceder á súa reforma se é preciso.

Ambas solucións teñen vantaxes e inconvenientes que serán debidamente avaliados.

Delegacións de Lugo e Ourense:

As necesidades de estas delegacións (número de traballadores, número de vehículos almacenaxe, etc...) poden estar sometidas a maiores variacións, polo que non parece recomendable abordar a adquisición. Poderíase intentar conseguir da Xunta a cesión de outros locais, semellantes aos de Coruña e Pontevedra, para reducir os gastos xerais.

4.3. MAQUINARIA E VEHÍCULOS.

A Sociedade conta con maquinaria (máquinas forestais, ferramentas) axeitada e suficiente para facer fronte ós traballos encomendados. A renovación do parque inicial, que databa dos exercicios 2008 e 2009 vaise realizando de acordo coas necesidades.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A Sociedade ten en propiedade un vehículo anfibio para a realización de traballos de rexeneración de bancos marisqueiros e un canón para aplicación de produtos fitosanitarios empregados nos traballos de sanidade vexetal.

Os resto dos vehículos empregados pola Sociedade utilízanse en réxime de aluguer operativo, pois o emprego de outros sistemas (compravenda, leasing, renting) xa foi analizado e non responde á alta variabilidade característica da demanda da Sociedade. De tódolos xeitos dada a evolución actual na tipoloxía de vehículos no mercado (híbridos, eléctricos) será preciso estudar a conveniencia no emprego, sempre que as condicións de servizo permitan o uso dos mesmos.

Dende o exercicio 2018 iniciáronse procedementos de subministro de maquinaria de obras en réxime de aluguer con e sen condutor para acometer traballos incluídos nos encargos recibidos. Esta fórmula está dando uns resultados moi positivos, pois permite adaptar a presenza de equipos ás necesidades reais de maquinaria, eliminando tempos mortos e custos de mantemento.

Non se descarta acometer a compra de maquinaria forestal (fundamentalmente tractores e mini-retroexcavadoras) nun número reducido para contar cun equipo de resposta inmediata que non dependa de terceiros.

4.4. EQUIPOS TÉCNICOS.

A Sociedade dispón dun inventario de equipos técnicos (aparatos de medición, etc...) en número suficiente e de características axeitadas para o desenvolvemento da súa actividade. Planifícase e lévase a cabo a necesaria renovación tecnolóxica, sempre de acordo cun estrito control de custo.

4.5. SISTEMAS INFORMÁTICOS.

A Sociedade ten adquirido distintas aplicacións informáticas de xestión e técnicas. Tamén ten desenvolto aplicacións propias para asuntos tan sensibles como a xestión das listas de contratación.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O parque informático actualízase regularmente en función da obsolescencia dos equipos. A adquisición dos mesmos lévase a cabo, cando é posible, a través das licitacións (acordos marco) publicadas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).

Ao peche do exercicio, estase preparando un convenio coa AMTEGA que ten por obxecto a regulación da prestación dun modelo de infraestrutura como servizo (IaaS). En concreto, este servizo, consiste na posta a disposición de E.P. SEAGA, de recursos de procesamento e almacenamento a través da rede.

4.6. SISTEMAS DE XESTIÓN.

Prevención de riscos penais.

Durante o ano foi revisado o plan de prevención de riscos penais, que foi remitido ao Consello de Contas o pasado mes de maio. Está pendente de resposta para a súa adaptación (se procede) e posterior implantación.

Prevención de riscos laborais.

A Sociedade conta cun servizo de prevención propio, elabora e actualiza periodicamente:

- Avaliación de Riscos.
- Planificación da actividade preventiva.
- Plan de Prevención.
- Procedementos.
- Rexistros.

Os documentos do Sistema atópanse actualizados e foron obxecto da auditoría bianual no ano 2021, no ano 2023 volverá a levarse a cabo.

A Empresa conta con catro Comités de Seguridade e Saúde; un por cada centro de traballo.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

5. INFORMACIÓN RELATIVA AOS RECURSOS HUMANOS.

5.1. RÉXIME.

Toda a plantilla da Sociedade está composta por persoal laboral (de cadro ou eventual) dado o carácter de sociedade mercantil pública de Seaga.

A Empresa non conta con convenio colectivo propio, polo que se rexe polo Estatuto dos Traballadores, coas especificidades propias do Sector Público recollidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A Sociedade está sometida as Instrucións ditadas de forma conxunta polas Direccións Xerais de Orzamentos e Función Pública no que respecta á tramitación de solicitudes, informes e autorizacións.

Os procesos selectivos de contratación de persoal de cadro son autorizados polo Consello de Administración, unha vez aprobadas as bases específicas, informadas pola Asesoría Xurídica e obtidos os informes necesarios da Consellería de Facenda.

A contratación de persoal temporal require informe previo favorable conxunto das Direccións Xerais de Función Pública e Orzamentos que comproban a existencia das encomendas e os créditos suficientes nos orzamentos.

Unha vez obtido o informe, solicítase autorización para á contratación á Subdirección Xeral de Control Financeiro Permanente e Auditoría do Sector Público.

Durante o exercicio 2022 entraron en vigor as seguintes novidades na lexislación laboral:

<u>Redución da temporalidade</u>.

A Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Limita o período máximo de servizo do persoal temporal no Sector Público e Impón a redución da taxa de temporalidade mediante a celebración de procesos de estabilización de diversos tipos en función da antigüidade dos traballadores interinos e indefinidos non fixos.

- A duración máximo do período de servizo do persoal temporal será de 3 anos.
- Data tope do 30/06/2022 para a determinación do número de postos de traballos ocupados de xeito ininterrompido nos tres anos anteriores ao 31/12/2020.
- Data tope do 31/12/2022 para a convocatoria dos procesos selectivos de estabilización, que deberán estar resoltos antes do 31/12/2024.

Reforma laboral.

O Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo modificou diversos aspectos relevantes na estratexia de Recursos Humanos que viña desenvolvendo a Empresa:

- Desapareceu o contrato por obra ou servizo determinado que era o mecanismo habitual para a contratación de persoal temporal.
- Modificou o contrato eventual por circunstancias da produción (acumulación de tarefas), establecendo basicamente dúas situacións:
    - Necesidades ocasionais e imprevisibles: duración máxima de 6 meses.
    - Necesidades ocasionais e previsibles: duración máxima de 90 días.
- O contrato fixo discontínuo é unha das figuras clave desta reforma para a realización de traballos estacionais e intermitentes con períodos de execución certos ou incertos.
- Permítese contratación de persoal por duración determinada para proxectos financiados con fondos europeos.

As normas citadas no epígrafe anterior impuxeron unha reestruturación completa dos Recursos Humanos da Sociedade, que quedan estruturados do seguinte xeito:

- Persoal do Cadro Continuo.
- Persoal do Cadro Discontínuo.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Persoal temporal.

Os procesos de estabilización de persoal temporal foron publicados o pasado 30/12/2022 e a oferta de emprego público para a cobertura de vacantes de nova creación foi publicada o 16/12/2022.

Durante o exercicio 2023 iniciaranse todos os procesos selectivos, de tal xeito que a temporalidade dos recursos humanos da Empresa se reducirá considerablemente.

5.2. CADRO DE PERSOAL CONTINUO.

Aprobouse a transformación do cadro de persoal motivada que fora tramitada durante o ano 2021 e que se pode resumir:

- Incremento da estrutura continua da adecuándoa ao volume de actividades actual: ampliación do cadro de 32 a 54 postos de traballo.
- Estruturación do Organigrama Departamentos e Áreas.
- Creación dunha serie de niveis homoxéneos (Director de Departamento, Coordinador, etc.)
- Diversificación das especialidades dentro das categorías profesionais.
- Estruturación adecuada a realidade actual, adaptando os postos ao número de traballadores que prestan servizo efectivo na Empresa.

A composición do cadro é a que se amosa a continuación.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CADRO DE PERSOAL CONTÍNUO		
DEPARTAMENTO	**ÁREA**	**Denominación**
XERENCIA		Director/a-xerente
		Advo/a.Dirección
		Auxiliar advo/a.Recepción (Servizo Laboral)
ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS XERAIS		Director/a Administración e Servizos Xerais
	XESTIÓN ECONÓMICA E CONTRATACIÓN	Coordinador/a xestión económica e contratación
		Técnico/a contratación
		Secretario/a contabilidade
		Advo/a.Servizo Facturación
	XURÍDICA E RECURSOS HUMANOS	Coordinador/a xurídico e de RRHH (Xefe/a Recursos Humanos)
		Advo/.Servizo Laboral
		Operador/a codificador/a 01
		Operador/a codificador/a 02
	PREVENCIÓN CALIDADE,MEDIO AMBIENTE	Técnico/a prevención riscos laborais
	SISTEMAS DE INFORMACIÓN	Coordinador/a Sist.Inform.
TÉCNICO		Director/a Técnico/a
	SERVIZOS ASESORAMENTO FINANCEIRO	Coordinador/a de Servizos e asesoramento financeiro
		Técnico/a asesoramento financeiro (superior)
		Técnico/a asesoramento financeiro (superior)
		Técnico/a asesoramento financeiro (superior)
		Técnico/a servizos (medio)
	PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL	Coordinador/a de Protección do Medio Rural
		Técnico/a Protección do Medio Rural (superior)
		Técnico/a Protección do Medio Rural (medio)
		Técnico/a proxectos
	OBRAS E INFRAESTRUTURAS RURAIS	Coordinador/a de Obras
		Técnico/a obras civís, forestais e agrarias (superior)
		Técnico/a obras civís, forestais e agrarias (medio)
		Técnico/a obras civís, forestais e agrarias (medio)
	XESTIÓN FORESTAL	Coordinador/a de Xestión forestal
		Técnico/a sanidade vexetal (medio)
		Técnico/a viveiros produción MFR (medio)
		Técnico/a de apoio e seguimento (medio)
	XESTIÓN PÚBLICA	Coordinador/a SSCC de xestión pública
	OPERACIÓNS SERVIZOS CENTRAIS	Peón Especialista Servizos Centrais
		Peón Servizos Centrais
	A CORUÑA	Coordinador/a Provincial Coruña (Técnico Provincial Coruña)
		Oficial 2ª Advo/a.Coruña
		Xefe de Brigada Coruña
		Peón Especialista Coruña
	LUGO	Coordinador/a Provincial Lugo (Técnico Provincial Lugo)
		Técnico/a medio provincia 01
		Técnico/a medio provincia 02
		Oficial 2ª Advo/a.Lugo
		Xefe de Brigada Lugo
		Maquinista-Condutor Lugo
	OURENSE	Coordinador/a Provincial Ourense (Técnico Provincial Ourense)
		Técnico/a medio provincia 03
		Técnico/a medio provincia 04
		Oficial 2ª Advo/a.Ourense
		Capataz Ourense
		Peón Especialista Ourense
	PONTEVEDRA	Coordinador/a Provincial Pontevedra (Técnico Provincial Pontevedra)
		Oficial 2ª Advo/a.Pontevedra
		Xefe de Brigada Pontevedra

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A situación actual de cobertura do cadro, segundo modalidades contractuais, é:

- 2 Alta Dirección.
- 5 Indefinido.
- 21 Temporais longa duración.
- 3 Temporais curta duración.
- 23 Vacantes.

5.3. CADRO DE PERSOAL DISCONTÍNUO.

Como consecuencia da reforma laboral modificouse a estrutura do cadro discontínuo, incrementando o número de efectivos de 135 a 160, de xeito que a composición actual é a seguinte:

CADRO DE PERSOAL DISCONTÍNUO			
Categoría	**Número**	**Situación**	**Proceso**
Enxeñeiro Técnico Agrícola	2	Cuberto	Proceso selectivo
Enxeñeiro Técnico Forestal	9	Cuberto	Estabilización
Enxeñeiro Técnico Forestal	1	Vacante	Proceso selectivo
Oficial Administrativo	1	Cuberto	Proceso selectivo
Auxiliar Administrativo	2	Cuberto	Estabilización
Capataz	9	Cuberto	Estabilización
Capataz	22	Cuberto	Proceso selectivo
Capataz	9	Vacante	Proceso selectivo
Xefe de Brigada	17	Cuberto	Estabilización
Peón Especialista	22	Cuberto	Estabilización
Peón	66	Cuberto	Estabilización

Este cadro de persoal está chamado a desempeñar un papel fundamental nas operacións da Empresa, dada a súa operatividade, posto que se aprobou, previa negociación colectiva, un sistema de chamamentos aos traballadores para restar servizo fóra do período mínimo.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

5.4. PERSOAL TEMPORAL.

Este persoal está ligado ó desenvolvemento dos encargos recibidos pola Sociedade con autonomía e sustantividade propia, e que contan con financiación dos fondos europeos. A modalidade contractual é o contrato de duración determinada. Quedan traballadores contratados por obra ou servizo determinado anteriores á reforma laboral que se irán extinguindo a medida que rematen os encargos.

A selección do persoal temporal realízase polo sistema de listas previas por categorías profesionais implantado durante o exercicio 2008. Tanto as bases que rexen este sistema, como as propias listas, e todo o proceso de elaboración, atópanse publicamente expostas na páxina web da Sociedade para que poidan libremente ser consultadas por calquera interesado nas mesmas.

As bases xerais de contratación foron publicadas o 28 de abril de 2010. Dende entón, o persoal contrátase a partires das listas elaboradas segundo ditas bases.

Dito sistema de listas previas por categorías está previsto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Deberá procederse á actualización deste sistema de listas, actualizando os procedementos (administración electrónica) e simplificando os mesmos.

5.5. EMPREGO

O número de traballadores de Seaga está sometido a variacións segundo o volume de encargos que recibe dos poderes adxudicadores dos que é medio propio, por outra banda hai flutuacións en función da época do ano, pois hai unha importante estacionalidade derivada do tipo de traballos que desenvolve.

- Durante o ano 2022 reduciuse o volume de encargos o que ocasionou unha redución da cifra de negocio que motivou unha menor necesidade de recursos.
- A reforma laboral introduciu un incremento da rixidez nos procesos de contratación de persoal temporal, imposibilitando en certos casos o desempeño con recursos propios.

En consecuencia, o número promedio de traballadores na Empresa experimentou unha clara redución.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Na seguinte táboa e no gráfico adxunto recóllese a evolución experimentada polo número medio de traballadores da Sociedade nos últimos cinco anos. Posto que hai un gran número de traballadores con relación laboral discontínua e a contratación dos traballadores dos encargos financiados con fondos europeos é temporal; o número promedio de empregados está calculado polas horas de traballo.

Ano	2018	2019	2020	2021	2022
Nº medio	299	170	264	291	224

Distribución territorial.

O número medio de traballadores por centro de traballo presenta un certo desequilibro en favor do centro de traballo da provincia de A Coruña. Este fenómeno ten a súa explicación en que este centro conta con tres oficinas (Servizos Centrais, Santiago e Guísamo) e que hai un gran número de encargos de ámbito de actuación autonómico e que son xestionadas dende os servizo centrais.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Provincia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Emprego medio	101	37	46	40	224

A evolución temporal da distribución territorial presenta certa estabilidade.

<u>Distribución temporal</u>.

Preséntase o número de traballadores presentes na Empresa a 31/12/2022. Este indicador da información acerca da estacionalidade das actividades da Empresa,

Ano	2018	2019	2020	2021	2022
Persoal a 31/12	90	163	144	248	79

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Como se pode apreciar, o número é o mais baixo da serie presentada, o que pode explicarse polos seguintes fenómenos:

- Durante o ano remataron gran número de encargos financiados con fondos propios que requirían a contratación de persoal temporal. Ditos encargos no puideron ser renovados no seo formato orixinal, polo que os traballadores causaron baixa na Empresa.
- O persoal discontínuo finalizou o seu período de servizo no último terzo do ano, estando prevista a súa reactivación no primeiro trimestre so seguinte.

Categorías profesionais.

Tal e como se ven observando nos últimos exercicios, a diversificación de actividades propicia a incorporación de traballadores dunha maior variedade de titulacións dentro das categorías profesionais, o que pode propiciar a formación de equipos multidisciplinares.

Este efecto verase incrementado cando se produza a cobertura do cadro de persoal continuo que, coa súa modificación introduciu unha maior diversidade de especialidades dentro das categorías profesionais.

A distribución por grupos de actividade pódese resumir do seguinte xeito:

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Dirección e administración: 11%
- Persoal técnico: 31%
- Persoal de operacións: 58%

Estas porcentaxes permanecen dentro da mesma orde de magnitude que no ano 2021 (8%, 30% e 62% respectivamente) pero avanzan dentro do proceso de "tecnificación" que se ven observando na evolución, pois no ano 2020 o persoal de operacións representaba o 65%.

Na seguinte táboa reflíctese á distribución do número medio de efectivos por grupos de actividade, postos e/ou categorías profesionais para os exercicios 2021 e 2022. Dado que hai certos postos que modificaron a súa denominación, inclúese entre paréntese a anterior.

Grupo de actividade	Posto / Categoría	2022	2021
Dirección e administración	Director/a Xerente	1,00	1,00
	Director/a de Administración e Servizos Xerais	0,25	0,00
	Director/a Técnico	1,00	1,00
	Coordinador Provincial (Técnico/a Provincial)	4,00	4,00
	Coordinador/a xurídico e de RRHH (Xefe/a RRHH)	1,00	1,00
	Coordinador/a de Sistemas Informáticos	1,00	1,00
	Oficial Administrativo/a	7,76	7,78
	Auxiliar Administrativo/a	6,07	6,05
	Operador/a Codificador/a	2,00	2,00
Persoal Técnico	Licenciado/a en Dereito	2,16	3,55
	Licenciado/a en Económicas	1,00	1,00
	Licenciado/a en Bioloxía	1,49	1,90
	Enxeñeiro/a Agrónomo	0,00	1,63
	Enxeñeiro/a de Caminos	0,53	1,15
	Enxeñeiro/a de Montes	7,61	8,91
	Enxeñeiro/a Técnico/a Forestal	49,19	54,20
	Enxeñeiro/a Técnico/a de Obra Pública	0,82	2,49
	Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola	7,85	12,17
Persoal de operacións	Capataz	51,92	74,04
	Técnico/a de Laboratorio	1,76	2,00
	Xefe/a de Brigada	15,68	22,56
	Maquinista/Condutor/a	3,99	5,13
	Peón Especialista	24,10	39,80
	Peón	31,81	36,75
Total		**224**	**291**

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Distribución por sexos.

A liña de negocio mais importante dentro da actividade da Empresa son as obras e servizos forestais, sector en que a incorporación da muller está aínda en proceso, a pesares de que se vai incrementando paulatinamente.

Categoría	Mulleres	Homes
Director/a Xerente	0,25	0,75
Director/a de Administración e Servizos Xerais		0,25
Director/a Técnico		1,00
Coordinador Provincial (Técnico/a Provincial)	1,00	3,00
Coordinador/a xurídico e de RRHH (Xefe/a RRHH)	1,00	
Coordinador/a de Sistemas Informáticos		1,00
Oficial Administrativo/a	4,76	3,00
Auxiliar Administrativo/a	6,07	
Operador/a Codificador/a	1,00	1,00
Licenciado/a en Dereito	1,16	1,00
Licenciado/a en Económicas	1,00	
Licenciado/a en Bioloxía	1,50	
Enxeñeiro/a Agrónomo		
Enxeñeiro/a de Camiños	0,50	0,04
Enxeñeiro/a de Montes	3,33	4,28
Enxeñeiro/a Técnico/a Forestal	14,12	35,07
Enxeñeiro/a Técnico/a de Obra Pública	0,58	0,25
Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola	5,49	2,36
Capataz	7,66	44,25
Técnico/a de Laboratorio	1,76	
Xefe/a de Brigada	0,69	14,99
Maquinista/Condutor/a		4,00
Peón Especialista	4,19	19,92
Peón	4,48	27,33
Total	**58,29**	**157,49**

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

5.6. FORMACIÓN E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL.

Durante o exercicio 2022 impartíronse formación específica (prevención de riscos, emprego de maquinaria forestal, etc...) a todo o persoal contratado pola Sociedade.

Por outra banda, continuouse con proceso de formación específica en pragas e tratamento con produtos biocidas, impartido a traballadores os cursos necesarios para a o obtención do certificado de profesionalidade en Servizos de Control de pragas. Principalmente recibiron esta formación os capataces do cadro de persoal discontínuo.

Por último, impartiuse (con carácter voluntario e gratuíto) o curso de recurso preventivo en actividades forestais a todo o persoal de operacións que o solicitou.

Por último, ademais das accións formativas organizadas pola propia Empresa, renovouse o convenio de colaboración coa Escola Galega de Administración Pública, xunto con SPI Galicia, FCCG, XESGALICIA, GALICIA CALIDADE e RETEGAL e organizáronse cursos de formación en diversas materias.

5.7. RETRIBUCIÓNS.

As retribucións dos traballadores de Seaga están recollidas nas táboas salariais aprobadas pola Consellería de Facenda. Ditas táboas experimentan as variacións definidas na leis de orzamentos de cada ano.

Concretamente, durante o exercicio 2022 as retribución incrementáronse o 2,00% establecido pola lexislación estatal e autonómica.

Posteriormente, debido a evolución da inflación, aprobouse un incremento adicional do 1,5% con carácter retroactivo, que se materializou no último trimestre do ano.

5.8. CUSTOS DE PERSOAL.

Durante o exercicio 2022, os gastos de persoal reducíronse un 25,92% fronte aos do exercicio 2021, pasaron de 9.072.648 € a 6.720.839€.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Os custos de persoal experimentaron unha redución en tremos relativos, pasando do 33 % ao 27%, a pesar de que a diminución da actividade foi dun 7%.

Ademais da tendencia xeral de evolución da estrutura de custos da Empresa, o factor fundamental que explica que esta diminución non vaia paralela á redución de actividade é o cambio do marco lexislativo do último exercicio. É probable que a situación se estabilice, unha vez que as reformas estean plenamente implantadas.

A evolución nos últimos 5 anos é a que se presenta:

Ano	2018	2019	2020	2021	2022
Custos persoal	7.880.572	5.025.227	7.766.366	9.072.648	6.720.839
% Custo	46,87%	40,05%	37,33%	35,05%	27,33%

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

6. EVOLUCIÓN PREVISTA

A liña estratéxica emprendida pola Sociedade nos últimos exercicios persigue a diversificación das súas actividades e a consolidación do seu modelo de xestión pública, nas seguintes áreas:

1. A realización de todos os traballos relativos á xestión da biomasa nas faixas primarias e secundarias de prevención de incendios forestais, ben a través de encargos recibidos da Administración Autonómica, ou ben mediante o Convenio subscrito coa Consellería do Medio Rural e coa Federación Galega de Municipios e Provincias.
2. A prestación de servizos de apoio en aspectos loxísticos e formativos ao dispositivo de prevención de incendios forestais da Xunta de Galicia.
3. A execución de obras de restauración forestal, de traballos selvícolas e de defensa contra pragas e enfermidades en montes ordenados baixo xestión da Comunidade Autónoma.
4. A colaboración en actuacións de mobilización de terras, infraestruturas e equipamentos para o medio rural dentro da estratexia de mellorar a calidade de vida dos concellos rurais e do reequilibrio territorial.
5. A asistencia técnica na redacción dos instrumentos de planificación preventiva forestal ou de infraestruturas agrarias, e a realización de todo tipo de estudos relacionados co Medio Rural.
6. A execución de obras e prestación de servizos de mantemento nos espazos naturais protexidos de Galicia xestionados pola administración da Comunidade Autónoma.
7. A execución de obras e a prestación de servizos relacionados coa xestión dos recursos mariños.
8. O desenvolvemento de actuacións relacionadas coa mellora da calidade ambiental na restauración de zonas degradadas e na xestión dos residuos.
9. A participación en calquera tipo de actuacións de emerxencia para restauración de infraestruturas rurais ou dos recursos naturais.
10. A participación en servizos relacionados coa loita contra pragas e especies invasoras para mitigar os seus impactos, tanto dende o punto de vista da sanidade vexetal como dende os servizos a cidadanía.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

De acordo coa estrutura actual da Sociedade, a previsión do volume de actividade para o vindeiro exercicio (expresado nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma) acada unha cifra de negocio superior á do exercicio que se presenta neste informe.

A tendencia ao incremento nos ingresos debería manterse, posto que hai un proceso iniciado de consolidación da estrutura da Sociedade que permitirá maiores volumes de actividade.

Os orzamentos da Sociedade prevén maioritariamente que os ingresos deriven (directa ou indirectamente) da prestación de servizos ao Sector Público Autonómico do que é medio propio, non hai transferencias correntes nin aportacións patrimoniais. Por todo elo, a execución final dos orzamentos da Sociedade estaba directamente relacionada coa execución real dos orzamentos da Administración da Comunidade Autónoma e sometida ás súas modificacións.

Dende a sinatura do Convenio de xestión de biomasa a Empresa percibe ingresos procedentes dos servizos prestados aos particulares que formalicen a adhesión a dito Convenio, dentro do Servizo Público de Xestión da Biomasa.

Os ingresos procedentes da venda da madeira retirada do dominio publico das estradas de titularidade autonómica e de outros traballos que inclúen a realización e alleamento de aproveitamentos forestais en terreos de xestión pública son ingresados ao Tesouro.

7. RISCOS E INCERTEZAS.

Durante este exercicio se iniciou unha nova etapa polas modificacións no marco laboral que determinaron un cambio na metodoloxía de traballo das operacións:

- Modificación do cadro de persoal da Empresa.
- Estabilización do persoal temporal.

Este proceso de adaptación en curso poderá producir tensións no futuro.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

8. USO DE INSTRUMENTOS FINANCEIROS.

Durante o exercicio 2022 non foi necesario empregar instrumentos financeiros de cobertura nin se considera que a Sociedade estea exposta a riscos significativos de liquidez e fluxos de caixa.

9. ACONTECEMENTOS POSTERIORES AO PECHE.

Non hai acontecementos posteriores ao peche salientables.

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

En proba de conformidade e en cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación vixente, figuran a continuación as firmas de todos os membros do Consello de Administración de Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos. S.A.U. que, na reunión celebrada o 24 de marzo de 2023, formulan as Contas Anuais da Sociedade ao 31 de decembro de 2022, que compoñen o Balance, a Conta de Perdas e Ganancias, Estado de Ingresos e Gastos recoñecidos, Estado Total de Cambios no Patrimonio Neto, Estado de Fluxos de Efectivo, a Memoria (páxinas 1 a 46) e Informe de Xestión (páxinas 1 a 36) precedentes.

D. Manuel Vidal Martín
Cargo: Conselleiro

D. José Ramón Lete Lasa
Cargo: Conselleiro

D. Silvestre José Balseiros Guinarte
Cargo: Conselleiro

D. José Luis Chan Rodríguez
Cargo: Conselleiro

D. Nicolás Vázquez Iglesias
Cargo: Conselleiro

D. Jose Luis Cabarcos Corral
Cargo: Conselleiro

D. Jesús Oitaven Barcala
Cargo: Conselleiro

D. Manuel Rodriguez Vázquez
Cargo: Conselleiro

D. Jose González Vázquez
Cargo: Presidente

Asinado por: JESUS OITAVEN BARCALA
Cargo: Director Xeral de Simplificación Administrativa
Data e hora: 24/03/2023 09:58:16

Asinado por: BALSEIROS GUINARTE, SILVESTRE JOSE
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 24/03/2023 09:48:42

Asinado por: VAZQUEZ IGLESIAS, NICOLAS
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 24/03/2023 09:05:35

Asinado por: RODRIGUEZ VAZQUEZ, MANUEL
Cargo: Director Xeral de Defensa do Monte
Data e hora: 24/03/2023 09:37:42

Asinado por: VIDAL MARTÍN, MANUEL
Cargo: Subdirector Xeral
Data e hora: 24/03/2023 09:04:01

Asinado por: JOSÉ RAMÓN LETE LASA
Cargo: Secretario Xeral para o deporte
Data e hora: 24/03/2023 09:18:52

Asinado por: CHAN RODRIGUEZ, JOSE LUIS
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 24/03/2023 09:42:58

Asinado por: CABARCOS CORRAL, JOSE LUIS
Cargo: Director
Data e hora: 24/03/2023 10:03:33

Asinado por: GONZALEZ VAZQUEZ, JOSE
Cargo: Conselleiro
Data e hora: 24/03/2023 12:57:02

CVE: 9yQaebg9NaH1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve